

Falares de Boqueixón¹

Language from Boqueixón

Ramón Losada Álvarez

CPI Antonio Orza Couto – Boqueixón (A Coruña)

Vanessa Fernández Pampín²

IES Terra de Soneira – Vimianzo

Resumo: A seguinte recadádiva mostra o traballo feito polos alumnos (e as súas familias) de 5º e 6º de primaria do CPI Antonio Orza Couto de Boqueixón dirixidos polo profesor Ramón Losada Álvarez entre os anos 2010 e 2015.

Palabras clave: Didáctica, fraseoloxía galega, paremioloxía galega, tradición oral.

Abstract: The following recompilation shows the work done by the students (and their families) of 5th and 6th grade of the CPI Antonio Orza Couto de Boqueixón led by Professor Ramón Losada Álvarez between 2010 and 2015.

Key words: Didactics, Galician phraseology, Galician paremiology, oral tradition.

1. Introducción

A fraseo-paremioloxía en Galicia sempre suscitou un gran interese. Non son poucas as persoas que dedicaron unha parte da súa vida á recollida de formas sentenciosas, que, en moitos casos, viron a luz en publicacións que foron e son empregados polos estudosos desta ciencia: Eladio Rodríguez González (1958-1961) introduciunas no seu *Dicionario Enciclopédico Galego-Castelán*; Zamora Mosquera (1972) presentounolas en *Refráns e ditos populares galegos*; Gippini Escoda (1991) publicounas no seu *Refraneiro Galego* etc.

¹ Data de recepción: 22.01.2017. Data de aceptación: 04.01.2019.

² Vanessa Fernández Pampín deu forma a recadádiva e redactou parte da introdución. O groso do traballo pertence ao profesor Ramón Losada Álvarez e a todos os alumnos que colaboraron con el. A nosa gratitude a Germán Conde Tarrío pola lectura do traballo.

Neste traballo de campo queremos resaltar a un colectivo que se interesou polas formas sentenciosas populares que se empregan na súa contorna: o profesor non universitario, como sinala Río Corbacho (2008: 92), que:

Foi, e é, de gran importancia na salvagarda da nosa paremioloxía e fraseoloxía, pois son moitos os exemplos destes profesionais que animaron aos seus alumnos a recoller as paremias da súa zona e, nalgúns casos, preserváronas da súa desaparición: Colexio Público Mosteiro de Caaveiro (1989), Colexio Público Froebel (1994), Colexio Público de Louro (1995), Alumnos do Real Seminario Santa Catalina de Mondoñedo (1999), etc³.

Alá pola primavera de 2001 promovemos entre os alumnos a recolleita de material oral popular vivo aínda nas aldeas das que procedían. O entusiasmo que puxeron aqueles rapaces e rapazas fixo que nuns dous ou tres meses puidésemos xuntar un bo mañizo de refráns, ditos, letras de cantigas, recitatorios de xogos, disparates, adiviñas... Con todo iso, á fin do curso editamos *Refráns, cantigas, adiviñas... de Boqueixón*, do que cada un recibiu un exemplar como recordo do traballo realizado e como galano ilustrativo do tesouro da fala da nosa xente que eles deberían coñecer e conservar.

Case unha década despois están a rematar a etapa de Primaria no mesmo centro educativo rapaces e rapazas que daquela nin sequera aprenderan aínda a falar. Nove anos —entramos xa nos dez— é se cadra un bo período para catar outra vez a vitalidade e o estado de conservación deste herdo oral, tan importante para a personalidade da lingua en xeral e do xeito de falar específico das terras de Boqueixón en particular. Por iso a primeiros deste ano académico 2009/2010 incluimos no plan de traballo anual unha nova recolleita, á que os actuais alumnos de 6º de Primaria prestaron tamén desde o primeiro momento a súa entusiasta colaboración.

Neste medio tempo, polo mes de marzo deste ano, saía do prelo o número 11 dos *Cadernos de Fraseoloxía Galega* que publica o *Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades*, dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Nel aparece o artigo de Prieto Donate “Refraneiro escolar galego do cambio de milenio”⁴, que reúne material recollido por sete centros educativos de Galicia xusto nos últimos anos do século pasado e nos comezos do actual. Do CPI “Antonio Orza Couto” escolleron precisamente o contido do devandito *Refráns, cantigas, adiviñas... de Boqueixón*.

Pois unha e outra cousa —as ganas coas que os nosos alumnos colleron a nova xeira e a ilusión de veren o traballo do seu centro nos *Cadernos de Fraseoloxía Galega*— levaron a que en só para o caso uns dous meses se conseguise arrecadar outro tanto do que se xuntara hai case dez anos. E, para a nosa sorpresa, escaso foi, por riba, o material repetido.

³ A tradución é nosa.

⁴ PRIETO DONATE, E. (2011): «Refraneiro escolar galego do cambio de milenio», *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 11: 305-369.

A nosa lingua, terá algún día unha primavera chea de vitalidade, na que o seu mantemento e uso, e a transmisión ás novas xeracións, arramplen definitivamente coas continuadas invernías. En Boqueixón semella que non anda lonxe: o falar dos nosos rapaces e todo este caudal que da fala viva das súas familias e dos seus veciños acaban de recoller, así o parecen indicar.

Pois precisamente para uns e para outros –veciños e alumnos–, o material recollido no 2015 e mailo de 2001 conforman este *Falares de Boqueixón*, co que lles intentamos devolver, aínda que sexa pouquiño, algo do moito que entre todos nos achegaron.

Hai formas que foron recollidas por varios alumnos (recordamos que cabo de cada unha aparecen os números que corresponden a todos eles). Unhas veces eran exactamente iguais e outras as pequenas variacións non ían máis alá de sinónimos. Nestes casos, nos que nos pareceu que non había elementos suficientes para darlles entrada independente, encontraremos unha barra separando as variantes (por exemplo, *Ceo cavado/empedrado*, *chan mollado*, *En maio aínda a vella queima/quenta o tallo*, *Nós de aquí e vós de alá/ali* ou *Unha señora moi aseñorada/enseñoritada*).

Ben, e como este lerio se leva estendido máis da conta, adaptaremos un dos refráns que figuran nesta recolleita *Máis vale calar que mal falar* e autoaplicarémolo, pois os refráns, sabedoría popular condensada, ademais de seren coñecidos deben ser tamén, na medida do posible, levados á práctica.

2. Relación de informantes

Como é xusto que quede constancia do esforzo de cada un, consígnase canda cada forma un número, que corresponde ao alumno de 5º ou de 6º de Primaria que a recolleu (a relación dos alumnos con cadanseu número atoparase máis adiante*). Como este criterio non o tivemos en conta na publicación de 2001, neste *Falares de Boqueixón* as achegas daquel ano aparecen ben sen nada ou ben cun asterisco (*), no caso de que fosen recollidas tamén en 2010 ou nos anos posteriores (de tódolos xeitos, atoparase así mesmo máis adiante a relación daqueles alumnos**).

* Velaquí os nomes dos alumnos de 6º de Primaria que este ano participaron na recolleita:

- | | |
|------------------------------|---------------------------------|
| 1. Arteaga López, Silvia | 13. Rodríguez López, Sergio |
| 2. Barral Bastón, Paula | 14. Rodríguez Senín, Alesandra |
| 3. Carro Mareque, Juan José | 15. Rouco Fontela, Ana |
| 4. Cereiño Rodríguez, Isaac | 16. Ruíz García, Sara |
| 5. Fariñas López, Alejandro | 17. Sánchez López, Carla |
| 6. Fernández Facorro, Fátima | 18. Seijas Barreiro, María |
| 7. Fernández Suárez, Sandra | 19. Soutullo Crespo, Tamara |
| 8. Ferreiro Rendo, Alba | 20. Spoleto Couto, Diego |
| 9. García Casal, Santiago | 21. Tallón Iglesias, José Ángel |
| 10. González García, Jesús | 22. Toledo Casanova, Victoria |
| 11. Míguez Vilas, Paula | 23. Vilanova Andión, Adrián |
| 12. Neira Midón, Iago | 24. Vilas López, Eva |

Tamén recibimos abundantes achegas destoutros alumnos de 5º de Primaria:

- | | |
|--------------------------------------|------------------------------------|
| 25. Barral García, Xulián (25) | 32. Mareque Rey, Lorena (36) |
| 26. Brea Rodríguez, Iara Marina (26) | 33. Martínez Lorenzo, Iago (37) |
| 27. Couto Espasandín, Lucía (28) | 34. Martínez Lorenzo, Noelia (38) |
| 28. Couto Pereiras, Andrea (30) | 35. Míguez Pereiro, Tamara (39) |
| 29. Fernández Otero, Roberto (31) | 36. Pereira Vilela, Francisco (41) |
| 30. González Rendo, Lara (33) | 37. Rendo Fernandes, Víctor (43) |
| 31. Losada Vázquez, Álvaro (35) | 38. Rey Vilar, Lucía (45) |

No 2010/2011 achegaron material os seguintes alumnos que estaban en 5º:

- | | |
|-----------------------------------|-----------------------------------|
| 39. Agrelo Ribadeo, Marcos (46) | 48. Gontán Iglesias, Lucía (55) |
| 40. Arteaga Vilas, Lorena (47) | 49. Lamego Puente, Darian (56) |
| 41. Balo Chousa, Uxía (48) | 50. Méndez Alonso, Fátima (57) |
| 42. Bermúdez Pérez, Adrián (49) | 51. Mouriño Fernández, Carme (58) |
| 43. Carro Mareque, Mª Fátima (50) | 52. Pazos Sánchez, Daniel (59) |
| 44. Castro García, Lidia (51) | 53. Pereiras Ramos, Martín (60) |
| 45. Díaz González, Alicia (52) | 54. Salvado Vigo, Enrique (61) |
| 46. García Fernández, Noelia (53) | 55. Sánchez García, Tamara (62) |
| 47. García Fernández, Sara (54) | 56. Vidal López, Alba (63) |

Xa no 2012/2013, outra nova fornada de alumnos de rapaces e rapazas de 5º –semella que sempre os desta idade os máis entusiastas– traballou arreo e deulle un bo pulo a esta recolleita:

- | | |
|-------------------------------------|--------------------------------|
| 57. Agrelo Ribadeo, Paula (64) | 67. Otero Sánchez, Alia (74) |
| 58. Codesido Couto, Alba (65) | 68. Otero Suárez, María (75) |
| 59. Devesa López, Xiana (66) | 69. Pena Varela, Aroa (76) |
| 60. Díaz González, Cristina (67) | 70. Salvado Vigo, Lucía (77) |
| 61. Fernández García, Andrea (68) | 71. Sanjuás Casal, Sergio (78) |
| 62. López Mosquera, Iván (69) | 72. Tembra Aldonza, Pablo (79) |
| 63. Mareque Constenla, Yolanda (70) | 73. Tembra Aldonza, Sara (80) |
| 64. Mareque Rey, Lucía (71) | 74. Varela Castro, Ángel (81) |
| 65. Mera Souto, Alejandro (72) | 75. Vidal Míguez, Marina (82) |
| 66. Nieves Pardo, Silvia (73) | |

E aínda no 2014/2015 unha nova promoción de 5º achegou máis materiais:

- | | |
|------------------------------------|-----------------------------------|
| 76. Bello Gondar, Borja (83) | 84. Heim Iglesias, Alexis (91) |
| 77. Bermúdez Pérez, Diego (84) | 85. Iglesias Cutrín, Abel (92) |
| 78. Caneda Fernández, David (85) | 86. Mareque Iglesias, Emma (93) |
| 79. Carril Regueiro, Íker (86) | 87. Neiro Dopico, Alejandra (94) |
| 80. Carrillo Martínez, Alicia (87) | 88. Raviña Valencia, Manuela (95) |
| 81. Garaboa Mallou, Nicolás (88) | 89. Sánchez López, Andrea (96) |
| 82. González Boo, María (89) | 90. Santos Millán, Ana (97) |
| 83. Guitián Otero, Atila (90) | |

** No ano académico 2000/2001 cursaban 6º de Primaria no noso centro os seguintes alumnos, os máis dos cales tomaran parte activa na recolleita:

- | | |
|--|------------------------------------|
| 91. Amosa Álvarez, Álvaro | 112. De la Torre Lobato, Ana Belén |
| 92. Becerra Casal, Pablo | 113. Mera García, Isabel |
| 93. Cancelo Millán, Néstor | 114. Míguez Martínez, María |
| 94. Carlín Soto, Jorge | 115. Millán Serto, José Antonio |
| 95. Cereijo Mogo, Ana Isabel | 116. Neira Rodríguez, Míriam |
| 96. Cernadas Iglesias, María Cristina | 117. Otero Iglesias, Olalla |
| 97. Estevez Pérez, Eloy | 118. Pena Midón, Silvia |
| 98. Fandiño Ben, José Luís | 119. Pérez Taibo, José Ángel |
| 99. Fernández Cepeda, María Inmaculada | 120. Ramos Carreira, Juan Antonio |
| 100. Fernández Gato, Araceli | 121. Raviña Rodríguez, Noelia |
| 101. Fernández López, Ana María | 122. Rico Caneda, Laura |
| 102. Fernández Pérez, Miguel | 123. Rodríguez Midón, Pablo |
| 103. González Boo, Víctor | 124. Rodríguez Midón, Sonia |
| 104. Iglesias Cajaraville, Belén | 125. Rodríguez Pérez, Sandra |
| 105. Iglesias Mallo, Rubén | 126. Sanín Senande, Tania |
| 106. Lago Carlín, Cristina | 127. Senande Fandiño, Estefan |
| 107. Louzao Neira, Julián | 128. Silva Liñares, David |
| 108. Magariños Brey, Mónica | 129. Suárez Pérez, Elena |
| 109. Mareque Varela, Silvia | 130. Suárez Sangiao, Carlota |
| 110. Martínez Vázquez, Laura | 131. Uzal Lareo, Rocío |
| 111. Mera Cao, Fátima | 132. Vázquez Neiro, Jénifer |

3. A lingua da recadádiva

No relativo á lingua das estruturas recompiladas intentouse manter a forma orixinaria na que se transcribiron, aínda que iso signifique optar pola forma fóra da norma: lan, chao, grao, vrao, casare, vere, marchai, pra, prá, prós etc. non son moitas.

Tamén se mantiveron algúns casos de castelanismos polo motivo anterior: non modificar as construcións que transcribía o alumnado. Son casos moi concretos: veleta, fruta, alfileres, eres, anduveches, polvo, Dios, anillo, silla.

Por outra banda é necesario destacar a presenza de termos lingüísticos propios e pouco comúns xa nos falantes da nosa lingua en comarcas nas que a influencia das comarcas máis urbanas é importante. Son termos coma: bimar, penzo, lostro, a sabor, abeiro, xaxúa, fondón.

Unha das paremias recompiladas *Sombra de lateiro, fungos da muña no abeiro*: presenta unha palabra que non aparece recollida nos dicionarios comúns: lateiro, do mesmo xeito que o termo *fungos da muña* que aparece en dúas formas. Por todo isto podemos asegurar que a saúde da lingua de Boqueixón é boa.

4. As formas recollidas

O material recollido é amplo e variado: 1065 formas sentenciosas, 266 cantigas, 13 disparates, 20 xogos, 4 oracións, 2 fórmulas e 126 adiviñas coas súas solucións.

As 1065 manifestacións fraseolóxicas e paremiolóxicas preséntanse tendo en conta dous criterios: alfabético e semántico. A clasificación semántica deu como resultado cinco grandes apartados: o primeiro relaciónase co calendario, os meses do ano garantían unha orde clara, as festas que se celebran cada mes e as características climatolóxicas que caracterizan a eses meses. Mentres o segundo grupo inclúe as labores agrícolas, o terceiro aporta axudas para entender o clima, a presenza do arco da vella, as gaivotas, a dirección das nubes, entre outros indicios. O cuarto apartado céntrase nos oficios, para rematar no quinto cunha serie de consellos e reflexións que mostran a sabedoría popular.

É necesario aclarar que incluímos no mesmo grupo formas paremiolóxicas e fraseoloxismos, en canto que primamos a organización alfabética e semántica inicial. Entendemos o termo refrán, segundo explica Conde Tarrio (2001: 36), “como un arquilexema que caracteriza a tódalas formas sentenciosas”. Os refráns, tal como afirma Álvarez de la Granja (2010: 6):

Son enunciados fraseolóxicos, fixos, memorizados, que encerran un valor de verdade xeral, isto é, unha verdade (unha idea completa concibida e presentada como verdade) válida en calquera tempo. Isto non quere dicir, por suposto, que os refráns non poidan referirse a un tempo concreto (En abril sae o cuco do cubil), senón que as verdades relativas a eses tempos concretos son (presentadas como) verdades sempre vixentes (sempre é verdade que en abril sae o cuco do cubil).

Vexamos entón cales son algunhas das formas que se poden atopar nesta recadádica co fin de mostrar a súa riqueza.

Comezamos polas locucións. Se ben non localizamos locucións substantivas, xa que o obxectivo non era tanto anotar o léxico dun lugar concreto, como a recompilación de materiais pertencentes ao acervo tradicional, si atopamos exemplos de locucións verbais do tipo *ser can sen dono, non dar puntada sen fío, ser máis feo que pegarlle ao pai á saída da misa*, empregados todos eles nun contexto coloquial. Localizamos fórmulas: *Vaiche boa, Vilaboa!*, usada cando algo non convence porque se coñece a súa falsidade; *Vales o que pesas* ou *Outra vaca no millo!*, empregada cando xorden complicacións nunha situación xa problemática.

Entrando xa nas formas paremiolóxicas, atopamos dialoxismos, formas coma as 54, 59⁵, é dicir, tal como afirma, Taboada Chivite, (2000: 175):

⁵ Entre os dialoxismos presentes podemos destacar os seguintes:

54. Dixo no monte unha vella:

“Vaite, febreiriño corto
cos teus días vinte e oito,
que se tiveras máis catro,
non quedaba can nin gato”.

Expresións paremiolóxicas ou fórmulas didácticas [...] que xorden, cando, ben unha persoa, ben un animal ou cousa, personificada plática en soliloquio ou coloquialmente con manifestación satírica ou filosofante,

e ditos ou frases proverbiais que segundo Rodríguez González (1960: s.v. *dito*) é a “palabra ou conxunto de palabras que expresan un concepto cabal”, idea que tamén recolle María Moliner (1966: s.v. *dicho*), “frase feita que contén unha máxima ou unha observación ou consello de sabiduría”, e Taboada Chivite (2000: 179) “palabra ou frase cabal”. Son construcións moi abundantes na paremioloxía galega e polo tanto tamén nesta mostra: *Quen quere a Beltrán, quere ao seu can, Os pementos de Padrón, uns pican e outros non*.

Son frecuentes as estruturas bimembres cun mesmo núcleo coma *Ano de herba, ano de merda, Pau de coxo, pau do demo*, que carecen de verbo principal e sobre as que Álvarez de la Granja (2010: 10) realizou un exhaustivo estudo e clasificación. Son construcións que a autora denomina “refráns de predicacións independentes”, xa que

Algúns dos refráns que presentan este tipo de estrutura (dous membros cun mesmo núcleo modificado e sen determinante) admiten máis doadamente unha lectura en clave dunha soa predicación ca unha lectura en clave de dúas: [...] Pau de cego, pau do demo (cf. [...] ‘os paus de cego son paus do demo’ e ‘se un pau é de cego entón ese pau é tamén do demo’).

Os xogos mostran o patrimonio lúdico dunha sociedade, facilitan, tal como podemos ler na *Gran Enciclopedia Galega* (1991: s.v. Xogo) “o coñecemento do mundo, e a solidariedade, a natureza, a asumir as regras e a desenvolver destrezas”. O xogo popular galego, o que pertence ao mundo infantil, poderá seguir vivo na medida en que volva a ser practicado, pero para iso hai que coñecelo. Sirvan de mostra os 20 que máis adiante se presentan.

As adiviñas ou adiviñanzas, tal como podemos ler na *Gran Enciclopedia Galega* (1974: s.v. Adiviña), “son enigmas ou preguntas de carácter informal e humorístico, normalmente en verso, para ser resolto”. Presentamos unha boa cantidade de adiviñas, 126, o que demostra que seguen estando na memoria de quen aínda as pode transmitir. Autores coma Vicente Risco ou Eladio Rodríguez González recolleron exemplos de adiviñas, o que fai que pensemos na súa importancia.

E febreiro contestou:

“Os teus becერიños oito deixa,
que meu irmán marzo
hachos volver en catro”. (12)

59. Febreiriño do rabo corto
cos teus días vinte e oito;
se tiveses máis catro
non quedaba can nin gato
nin raposo no burato. (33), (52), (46)

4.1. Refráns

4.1.1. Os meses do ano: as festas o traballo e o tempo

4.1.1.1. Xaneiro

1. A auga de xaneiro, cada gota vale diñeiro. (31)
2. Amor o primeiro, pola lúa de xaneiro. (11)
3. Cada día de xaneiro perde un allo o alleiro.
4. Cada día de xaneiro, un allo no alleiro. (50), (85)
5. Cada día que pasa de xaneiro, seu allo perde o alleiro.
6. Cando en xaneiro verdean os montes, en San Xoán secan as fontes. (64)
7. En xaneiro busca a lebre co cu no bulleiro.
8. En xaneiro mete obreiro, máis ben no último que no primeiro. (62)
9. En xaneiro mete obreiro, non pola perda do día, senón pola pedra que está fría. (68)
10. En xaneiro mete obreiro. (3), (*)
11. En xaneiro planta o teu alleiro. (54), (*)
12. En xaneiro pos os pés no braseiro.
13. En xaneiro vive o home a carón do caldeiro. (31)
14. En xaneiro, de día / polo día ao sol e de tarde / pola noite ao braseiro. (15) (58)
15. En xaneiro, mellor carballo que castiñeiro. (20)
16. En xaneiro, se non neva polo san Xulián, neva polo san Vicente, que é o seu irmán.
17. En xaneiro, sete capelas e un sombreiro. (51)
18. En xaneiro, sete lobos ao / no carreiro. (48), (63), (*)
19. Entre xaneiro e febreiro abre o salgueiro e que marche o canteiro.
20. Na/coa lúa de xaneiro vese a formiga no carreiro. (51), (59), (*)
21. Na/No mingunte de xaneiro corta o teu madeiro. (4), (51), (*)
22. No mes de xaneiro e de febreiro tócase a gaita e mais o pandeiro. (64)
23. No mes de xaneiro non se dan os bos días nin se quita o sombreiro.
24. No mes de xaneiro sube ao outeiro: se ves verdexar, ponte a chorar; e se ves terrexar, ponte a cantar.
25. No mes de xaneiro, pés no braseiro. (1), (8), (11), (20), (35), (46), (63), (64)
26. O amigo verdadeiro vai ao Pico o vinte de xaneiro.
27. O que pon patacas en xaneiro, lévaas nun cesto e tráelas nun caldeiro. (12)
28. O san Antón verdadeiro é o dezasete de xaneiro.
29. O sol de xaneiro non ten compañeiro. (9), (51), (*)
30. Os pitos de xaneiro non van ao poleiro. (77)
31. Os porcos de xaneiro en maio non dan diñeiro.
32. Polo san Vicente perde o inverno un dente. (51), (58), (63)
33. Polo san Vicente pon / planta os nabos da semente. (9), (63), (68), (*)
34. Por san Vicente toda auga é semente. (58)
35. Por xaneiro o ferreiro vale carneiro.
36. Quen ara en xaneiro, ara para o ano enteiro. (80)
37. San Antón, san Antonciño, a ver se me buscas un mociño.
38. Se non chove por san Sebastián, chove por san Vicente, que é seu irmán. (48)

- 39. Tantos días de xaneiro, tantos allos perde o alleiro.
- 40. Trebón de xaneiro, nin bo pan nin bo palleiro. (12)
- 41. Xaneiro quente, trae o demo no ventre. (20), (67), (84)
- 42. Xaneiro, alleiro. (26), (*)
- 43. Xaneiro, criadeiro, pero a cría de xaneiro non vai ao palleiro. (15)
- 44. Xaneiro, frío ou temperado, pásalo arroupado.
- 45. Xaneiro, oveiro. (67), (70), (*)
- 46. Xaneiro, xeadeiro. (46), (66), (*)

4.1.1.2. Febreiro

- 47. A castaña e o besugo en febreiro andan ao / están no / non teñen zugo. (51), (62), (*)
- 48. A chuvia de / no febreiro fai bo palleiro. (11), (54), (62), (64)
- 49. A chuvia no febreiro, frío no palleiro. (49)
- 50. Abrígate en / por febreiro con dúas capas e un sombreiro. (9), (*)
- 51. Adeus martes de Entroido, adeus meu queridiño, ata o domingo de Pascua non unto máis o fociño.
- 52. Alá vai febreiro cos seus días vinte e oito, que se tivera máis catro non quedaba can nin gato.
- 53. Cando febreiro non febreirea, marzo marcea. (51)
- 54. Dixo no monte unha vella:
 - “Vaite, febreiriño corto
 - cos teus días vinte e oito,
 - que se tiveras máis catro,
 - non quedaba can nin gato”.
- E febreiro contestou:
 - “Os teus becerriños oito deixa,
 - que meu irmán marzo
 - hachos volver en catro”. (12)
- 55. En febreiro, bufanda, abrigo e sombreiro. (55)
- 56. En febreiro, sete capas e un sombreiro. (20)
- 57. En febreiro, un día de sol e outro de braseiro.
- 58. En febreiro, xeadá na eira e cachopas na leira. (55)
- 59. Febreiriño do rabo corto
 - cos teus días vinte e oito;
 - se tiveses máis catro
 - non quedaba can nin gato
 - nin raposo no burato. (33), (52), (46)
- 60. Febreiro camiseiro, nin boa meda nin bo palleiro. (51), (*)
- 61. Febreiro e as mulleres no día teñen sete pareceres. (67)
- 62. Febreiro quente, trae o demo no ventre. (51)
- 63. Febreiro, cos seus vinte e oito, non deixa pouco nin moito.
- 64. Febreiro, febras de fío e non de liño. (51)
- 65. Febreiro, sempre ao cu quente do pucheiro.
- 66. Febreiro, xeadá na leira e cachopo na lareira. (51)

67. Febreiro/En febreiro, mete obreiro. (70), (*)
68. Flor de febreiro non vai ao froiteiro / graneiro. (51), (82)
69. Hoxe febreiro, mañá candeeiro. (48), (67)
70. Neve en febreiro e un lobo no quinteiro. (84)
71. No entroido cura o coiro.
72. Pola candeloria medio inverno vai fóra; se chove ou ventea, aínda princepea; se fai sol e ri, o inverno está por vir. (93)
73. Polo carnaval come a cacheira, que está sal.
74. Polo carnaval nin farto é xeneral. (51)
75. Polo carnaval tella o teu pallal.
76. Polo entroido, amiguiño, coida o teu abriguiño.
77. Polo san Braís a cegoña verás.
78. Polo san Braís, unha hora / hora e media / horiña e media / dúas horas máis⁶.
79. Por santa Eulalia o tempo cambia.
80. Se chora pola Candeloria, a metade do inverno vai fóra; que chore, que deixe de chorar, a metade do inverno está por pasar. (51)
81. Se chove o día da Candeloria, vai a metade do inverno fóra e se non chove nin fai vento, non vai nin para fóra nin para dentro. (10)
82. Se chove pola Candeloria, a metade do inverno vai fóra; chova ou non chova, metade dentro metade fóra.
83. Se chove polas Candelas, a metade do inverno vai fóra; que chova, que chova, que deixe de chover, a metade do inverno está por ver.
84. Se na Candeloria chora, o inverno xa vai fóra; se na Candeloria ri, o inverno está por vir. (55)
85. Se pos as patacas no mes de febreiro, cóllenche nun sombreiro.
86. Tantos días ten febreiro como allos hai no alleiro. (51)
87. Un de febreiro, dous candeeiro e tres san Braiseiro.
88. Vaite con Deus, febreiro, cos teus vinteito; se tiveses máis catro, non quedaba can nin gato. (60), (67)
89. Vaite, febreiriño corto, cos teus vinte e oito, que se chegas a ter / tes / duras / tiveras máis catro non deixabas/deixas a pé / quedaba / para can nin gato. (3), (9), (10), (52), (55), (60), (62), (93), (*)

4.1.1.3. Marzo

90. As raiolas de marzo queiman ás damas no palacio.
91. Cando / Se (en) marzo maiea, (en) maio marcea. (15), (63), (80), (97), (*)
92. Cando marzo é ventarrón, abril é chuviscón. (64)
93. Cando marzo retorce o rabo, non deixa ovella nin pastor sano.
94. Díxolle marzo a abril: aínda que che pese, heime rir. (51)
95. En marzo a veleta nin dúas horas está quieta.
96. En marzo e abril, ou o cuco ou a fin. (55)

⁶ O alumnado que recolleu esta forma foi o seguinte: (9), (11), (13), (24), (46), (48), (51), (55), (58), (63), (64), (85), (*).

97. En marzo (tes que) podar e cavar, se queres colleitar. (51), (*)
98. En marzo trigo ao prado; en abril pinduril; en maio está granado; en san Xoán está curado; e pola santa Mariña xa está metido na huchiña. (67)
99. En marzo, espigas catro; en abril, espigas mil; e en maio, todo espigado.
100. Entre marzo e abril sae o cuco do cubil⁷.
101. Marzo amola e abril esfolá. (51)
102. Marzo ben feito, patacas a oito. (20), (63)
103. Marzo chuvioso, verán caloroso. (63)
104. Marzo enganador: un día malo e outro peor. (51), (*)
105. Marzo marzal, o que non empeza ben remata mal. (64)
106. Marzo marzal, pola mañá cara boa e pola tarde cara de can. (19), (20)
107. Marzo marzán, á / pola mañá cara / cariña de rosa / risa e á / pola tarde / noite cara / cariña de can⁸.
108. Marzo marzán, cara de can, ao mediodía (fai) bo día e á noite (logo) arrefría. (1), (55)
109. Marzo marzán, de / polo día cara de risa, de / pola noite cara de can. (66), (*)
110. Marzo marzán, pola mañá cara de can, ao mediodía fai bo día e á noite arrefría / arrufía. (2), (11), (57)
111. Marzo marzán, pola mañá cara de risa e á noite/pola tarde cara de can. (15), (51), (52), (54), (68)
112. Marzo marzolas, treboadas e raiolas. (9)
113. Marzo marzolo, trebón e raiolo. (69), (72), (77), (78), (*)
114. Marzo ventoso e abril chuvioso fan o ano / un maio máis florido e fermoso.
115. Marzo ventoso e abril chuvioso traen / sacan a maio florido e fermoso. (51), (55), (64), (67), (72)
116. Marzo ventoso: para o labrador fermoso e para o mariñeiro desastroso.
117. O que en marzo defende, compra máis do que vende.
118. O sol en marzo queima á raíña no pazo.
119. O vintecinco de marzo entra a merenda e mais o descanso. (70), (74)
120. Por san Matías igualan as noites cos días. (58)
121. Se marzo acabou e o cuco non chegou, é porque algo ao cuco lle pasou. (51)

4.1.1.4. Abril

122. A abril tronado, vén bo verán.
123. A auga de abril enche carro e carril, e a de maio enche carril e carro. (49), (67), (*)
124. A auga en abril enche o carro e mais o barril. (11)
125. A liñaza por san Marcos, nin nada nin no saco.
126. Abril chuvioso, maio fermoso.
127. Abril chuvioso, maio pardo, San Xoán claro, enchen o carro. (8), (11), (23), (45), (64), (67)

⁷ O alumnado que recolleu este refrán foi os que aparecen a continuación: (4), (10), (11), (66), (67), (70), (73), (80), (81), (85), (*).

⁸ Foron máis de 19 os informantes que anotaron esta paremia: (20), (46), (50), (57), (58), (59), (63), (64), (67), (69), (70), (72), (74), (77), (78), (80), (81), (84), (85), (*).

128. Abril e maio, as chaves de todo o ano. (64), (*)
129. Abril frío e fornos quentes, alegría para os meus / pon aos dentes. (48), (51)
130. Abril frío e mollado, enche o celeiro e farta o ganado. (64)
131. Abril frío, moito pan e pouco viño. (8), (11), (46), (64), (*)
132. Abril frío, pan e viño. (84)
133. Abril mollado, o ano de pan vén cargado. (80)
134. Abril que sae chovendo, a maio chama rindo.
135. Abril, abríleiro; sete mantas e un sombreiro. (57)
136. Abril, para ser abril, ten que vir con augas mil.
137. Abril, se por mal quere vir, non deixa nin as portas abrir. (11), (*)
138. As madrugadas de abril sonche propias para durmir.
139. Chova abril e maio, aínda que non chova o resto do ano. (80)
140. Da Pascua á Ascensión corenta días son. (67), (*)
141. En abril sae o cuco do cubil. (41), (92), (95), (*)
142. En abril, augas mil e todas caben / collen nun barril. (4), (9), (10), (48), (74), (77), (*)
143. En / por abril, augas mil⁹.
144. En abril, espigas mil. (9), (11)
145. En abril, patacas ao terril. (67), (*)
146. Flor de xeadas en abril, aceite no candil. (1)
147. No mes de abril fai queixos a mil.
148. Os troncos de abril enchen carro e carril; e os de maio, carril e carro.
149. Polo abril só poda o labrego ruín.
150. Por san Marcos o millo nin nado nin no saco. (9)
151. Quen lle queira mal a unha veciña, que lle dea en abril sardiña. (51)
152. Se o abril vén mollado, no maio canta o río e baila o prado. (11)
153. Se trona en abril, de un gran nacen mil. (64)

4.1.1.5. Maio

154. A sardiña de / en maio, que a parta un raio. (*), (67)
155. A sardiña en maio xa pinga no borrallo. (11), (54), (62), (64)
156. As sardiñas en maio pingan no borrallo e polo san Xoán pingan no pan. (67)
157. Ata o corenta de maio non saques / quites o saio. (7), (15), (35), (55), (48), (58), (68), (82), (97), (*)
158. Atrás de maio vén san Xoán.
159. Auga de maio, créceche o pelo e non fai dano.
160. Auga de por maio, pan para todo o ano.
161. Ben veñas, maio, o mellor mes do ano. (51)
162. Deixa vir maio, deixa vir xuño, heiche de dar cereixas coma puños.
163. Despois / Detrás de maio vén san Xoán. (50), (83)
164. En maio a auga enche carril e carro. (60)

⁹ Os alumnos que recolleron esta forma foron moitos: (2), (11), (13), (15), (17), (24), (25), (26), (31), (33), (35), (37), (41), (43), (46), (49), (51), (52), (55), (58), (59), (60), (63), (64), (66), (67), (68), (69), (70), (72), (75), (78), (80), (81), (85), (92), (94), (97), (*).

165. En maio aínda a vella queima o tallo; e a / unha miga / o trozo que lle quedou, para San Xoán a deixou / en san Xoán o queimou. (66), (72), (*)
166. En maio aínda a vella queima / non quita o saio. (43), (63)
167. En / Por maio aínda a vella queima / quenta o tallo¹⁰.
168. En maio calquera besta é cabalo. (51)
169. En maio chove tanto como mexa un rato. (70)
170. En maio de meu me caio. (15), (*)
171. En maio de sono me caio.
172. En maio millo ao prado, anque corra a auga detrás do arado. (67)
173. En maio toda a auga coma o mexo dun rato.
174. Entre maio e san Xoán, quince días (veñen) para / de cardar (a la). (72), (*)
175. Liño bo, liño malo, todo florece en maio.
176. Longo é maio e longo é trasmaio. (48)
177. Maio chuvioso, verán caloroso. (4), (51)
178. Maio e xuño, cereixiñas coma puños. (60)
179. Maio longo, san Xoán redondo. (4), (20)
180. Maio maiolo, oxalá duraras todo o ano. (4)
181. Maio ventoso: para o labrego, famoso, e para o mariñeiro, penoso. (4), (51)
182. Maio, pardo, e san Xoán, claro. (15), (60)
183. O que en maio se molla, en maio se enxuga.
184. Polo san Isidro sementa o teu millo. (12)
185. Polo san Matías tan longas son as noites coma os días.
186. Por maio non quites o saio. (48)
187. Se chove pola Ascensión, corenta días chove, día si, día non.
188. Se chove pola Ascensión, corenta días son, un día si e un día non. (24)
189. Se sementas perexil en maio, teralo para todo o ano.
190. Ser máis grande cós días de maio. (13)

4.1.1.6. Xuño

191. A auga / chuvia de san Xoán tolle o viño e non dá pan. (2), (9), (64), (72), (*)
192. A sardiña en san Xoán unta o pan. (3)
193. Ata o san Pedro o viño ten medo. (4)
194. Auga en san Xoán, a mexada dun can. (11)
195. De san Pedro a san Xoán cinco días van.
196. Do santo Antonio ao san Xoán once días van. (35), (64)
197. En san Xoán aínda a vella ten tres días para cardar lan.
198. En san Xoán aínda hai tres días de cardar na lan. (46), (52), (64), (67)
199. En san Xoán aínda lle vén á vella un día para cardar a lan. (41)
200. En / Polo san Xoán as nove / once con día dan. (48), (55), (84), (*)
201. En san Xoán, tanto queixo coma pan. (57)

¹⁰ Outra das formas con máis informantes: (2), (4), (8), (9), (10), (12), (15), (24), (25), (31), (33), (35), (37), (41), (43), (46), (48), (50), (51), (52), (55), (57), (58), (59), (60), (63), (64), (66), (67), (68), (69), (70), (74), (78), (79), (81), (92), (*).

202. En xuño, se pica o sol, nin muller nin caracol.
203. En / No / Polo san Xoán, a fouce na man. (4), (51), (*)
204. En / No / Polo / Por san Xoán a sardiña molla / unta o pan¹¹.
205. No mes de san Xoán as nove con día dan. (11)
206. No san Xoán aínda veñen dez días para cardar lan.
207. O que xaxúa en san Xoán, ou é parvo / tolo ou non ten pan. (51), (*)
208. Os bens de san Xoán, de onde veñen van. (63)
209. Os días de san Xoán non sei por onde se van; en cambio os de outono teñen para todo.
210. Polo san Xoán a sardiña pinga no pan.
211. Polo san Xoán acaba de sementar o teu pan.
212. Polo san Xoán cómese pan. (43)
213. Polo san Xoán sete días de cardar.
214. Polo san Xuás teño gas. (43)
215. Trouleemos este san Xoán, que o que vén só Deus sabe os que troulearán. (64)

4.1.1.7. Xullo

216. Auga de Santiago fai vir o millo ao agro.
217. Calor en xullo, castañas seguro. (51)
218. O dezaioito de xullo é santa Mariña e vén coa súa regazadiña.
219. Pola santa Mariña deixa / pousa a sacha / legoña e colle a fouciña. (66), (95), (*)
220. Pola santa Mariña sementa a nabiña.
221. Polo Santiago esconde o coello o rabo. (9)
222. Polo Santiago non verás besta con fame nin burro fraco. (55)
223. Por moito que queira ser, en xullo pouco ha de chover.
224. Xullo normal, seca todo o manantial. (51)
225. Xullo, o mes máis curto cando hai peculio.

4.1.1.8. Agosto

226. (A) auga / augas en agosto, nin bo nabo nin bo magosto. (11), (54), (64)
227. A castaña no agosto quere beber e no setembro, comer. (46)
228. A castaña quere en agosto arder e en setembro beber. (68)
229. A chuvia de agosto non é chuvia, é mel mais / e mosto.
230. A lama en agosto e o vento en abril, que Deus nos libre dil. (64)
231. Agosto fáiselle maio ao que ten pan sementado.
232. Agosto vai coma un lóstrego. (92)
233. Agosto, frío no rostro.
234. As castañas en agosto arden e en setembro verten. (11)
235. Auga pola Virxe de agosto, ano de mosto. (51)
236. En agosto aínda o mel é mosto.
237. En agosto arden os montes e en setembro secan as fontes. (55)

¹¹ Os informantes deste refrán son os que seguen: (2), (4), (9), (10), (11), (12), (31), (38), (48), (51), (55), (58), (60), (63), (64), (66), (70), (77), (78), (79), (80), (81), (85), (92), (95), (*).

238. En agosto marcha / escapa o sol coma un lostro. (48), (68), (*)
239. En agosto sol posto, noite connosco / coma un lóstrego. (64), (79)
240. En agosto, viño mosto. (9)
241. Nin en agosto camiñar, nin en decembro navegar. (4), (51)
242. No agosto, nin muller, nin viño, nin mosto.
243. Non te poñas ao sol nin en agosto nin en xaneiro. (28)
244. O dez de agosto é san Lourenzo e vén co seu caldeiro penzo.
245. Se queres ter bo entrecosto, ceba no agosto.

4.1.1.9. Setembro

246. En setembro colle o viño e non durmas no camiño. (64)
247. En setembro ou arden os montes ou levan as pontes. (80)
248. En setembro ou secan as fontes ou levan as pontes. (64), (*)
249. En setembro secan as fontes e arden os montes. (31)
250. En setembro, e aínda en outono, bebe viño vello e deixa pousar o novo. (57)
251. Néboa de setembro trae o sur no ventre.
252. Polo san Miguel recolle o teu mel. (68)
253. Polo san Miguel sabe o touciño a mel. (51), (69), (70), (*)
254. San Migueliño das uvas / das uvas maduras, tarde vés e pouco duras. (57), (*)
255. Se queres ter mel, castra a colmea polo san Miguel. (64)
256. Se setembro non ten frutas, agosto tivo a culpa.
257. Setembro ou leva as pontes ou seca / secan as fontes. (9), (51)

4.1.1.10. Outubro

258. Auga no outono mata ao seu dono.
259. Chuvia de outubro, seis lúas cubre.
260. Despois da Peregrina vén o inverno axiña.
261. Flores de outono, fame para o ano novo.
262. Outono, outonán, mes de san Lucas e mais san Froilán. (64)
263. Outubro quente trae xuncos no seu ventre. (55)
264. Pola Peregrina o inverno encima. (66)
265. Polo Pilar, os nabos na terra e o viño a envasar. (51)
266. Polo san Lucas e polo san Pastor entran as noces en sabor, as mazás en color e as vellas en dor. (12)
267. Polo san Lucas saben as uvas / saben a mel as uvas porque hai poucas ou ningunha. (9), (55)
268. Polo san Miguel, viño para beber. (26)
269. Polo san Simón apreta / ponlle o baldón. (20), (51), (67)
270. Polo san Simón proba o viño, e o porco polo san Martiño.
271. Polo san Tomé agarra o porco polo pé.
272. Polo san Tomé colle o teu porco polo pé e, se che di: “Cué...”, preguntalle: “Que tempo é?”
273. Se queres mel, polo san Miguel, e se queres abellas, polas candeas. (10)

4.1.1.11. Novembro

274. De Santos a Nadal é inverno natural. (51)
275. Depois do san Martiño deixa a auga e bebe o viño. (51)
276. Ditoso o mes que entra / empeza con Santos e remata / acaba con san Andrés. (10), (55), (61), (*)
277. En novembro cavar non se che lembre; a aixada de cavar emprégaa en aburutar.
278. En san Andrés colle o porco polos pés.
279. En san Martiño hai que matar o porquiño. (10)
280. No mes de Santos sacha a horta e capa o rancho.
281. No mes dos mortos mata os teus porcos. (63)
282. No san Martiño mata o teu porquiño, sexa finiño ou gordiño. (74)
283. No san Martiño mata o teu porquiño. (2), (48), (60), (68)
284. No san Martiño matas o porquiño e probas o viño. (11)
285. No / Polo san Martiño, peóns / trompos ao / no camiño¹².
286. Novembro seco, castañas no cesto. (9)
287. O que queira ter bo entrecosto, que cebe no magosto.
288. O verán de san Martiño son tres días e / mais un pouquiño. (51), (*)
290. Poda polos Santos, aunque sexa nun canto.
291. Polo magosto, castañas e mosto. (57), (*)
292. Polo mes de Santos xa baixa a neve aos campos.
293. Polo san Andrés, neve nos pés. (51), (*)
294. Polo san Martiño abaldona / baldoa o teu viño. (7), (20), (*)
295. Polo san Martiño abre / tapa o teu viño e mata o teu porquiño. (7), (54), (67)
296. Polo san Martiño andan as noces ao roliño. (51)
297. Polo san Martiño deixa a auga e bebe o viño. (55)
298. Polo san Martiño estou agotadiño. (43)
299. Polo san Martiño mata o teu porquiño e abilla o teu viño. (12)
300. Polo san Martiño mata o teu porquiño e chama ao teu veciño.
301. Polo san Martiño mata o teu porquiño, que sexa grande ou pequeñiño. (67)
302. Polo san Martiño mata o teu porquiño¹³.
303. Polo san Martiño mátase / matamos o porquiño. (43), (66)
304. Polo san Martiño xa se coñece o bo viño. (51)
305. Polo san Martiño, pan e viño. (64)
306. Polo san Martiño proba o viño e mata o teu porquiño.
307. Por Tódolos Santos, neve nos altos; por san Andrés, neve nos pés. (63)
308. Se en novembro oes que trona, a colleita será boa.
309. Se queres cebar o teu porquiño, pon a horta no san Martiño. (48)
310. Tras o verán de san Martiño, chega o Nadal co seu inverniño. (4), (51)

¹² As buxainas, peóns ou trompos do San Martiño fan moi usada esta paremia: (1), (11), (12), (35), (43), (66), (68), (70), (74), (76), (77), (78), (79), (85), (87).

¹³ Máis de quince veces se anotou este refrán: (1), (13), (24), (26), (31), (35), (38), (51), (55), (58), (63), (64), (76), (78), (80), (*).

4.1.1.12. Decembro

- 311. As castañas do Nadal saben ben, pero pártense mal. (11), (46)
- 312. Cando chove por Santa Lucía, non hai sardiña. (84)
- 313. En / Pola / Por / Desde santa Lucía merma/mingua a noite e crece/medra o día. (35), (48), (51), (58), (67), (*)
- 314. Nadal chuvioso, xaneiro ventoso. (63)
- 315. Nadal mollado, xaneiro xeadó.
- 316. O día de santa Lucía baixa a noite e crece o día. (77)
- 317. O que a san Silvestre vai e alá dorme, nun ano vai e noutro volve. (51)
- 318. Pola santa Lucía é tan longa a noite coma o día. (46), (*)
- 319. Pola / Por santa Lucía comeza crecer o día. (4), (51)
- 320. Polo Nadal, cada ovella ao seu curral.
- 321. Polo Nadal, frío cordial. (9)
- 322. Por santa Lucía medra o día. (6)
- 323. Por Santa Lucía quítalle á noite e mételle ao día. (84)
- 324. San Silvestre, meigas fôra! (51)
- 325. Se a noite de Nadal fai de escuro, sementa no terrón duro. (4)
- 326. Se o Nadal nada, sinal de boa anada.
- 327. Se o Nadal vén mollado, o xaneiro vén xeadó. (8), (11), (46)
- 328. Se queres un bo allal, seméntao no Nadal. (51)

4.1.2. Máis arredor do campo e das labores agrícolas

- 329. A castaña que cae no camiño é do veciño. (49)
- 330. A cava vai pola viña.
- 331. A horta de / en outono mantén o seu dono. (51), (63)
- 332. A oliveira e a aceituna, todo é unha. (1)
- 333. Ano de herba, ano de merda. (8), (11), (19), (35), (64), (*)
- 334. Ara con xeadá: matarás grama e terá boa anada. (48)
- 335. Ara fondo e collerás gran abondo.
- 336. Arco da vella ao poñente, ceiba os bois e vente. (12)
- 337. As castañas que despois do san Martiño quedan no souto, son do moucho. (51)
- 338. As patacas van no pucho e veñen no caldeiro.
- 339. Ave de pico non pon ao seu amo rico. (2)
- 340. Cando a gaivota visita ao labrador, mal lle vai ao pescador. (80), (*)
- 341. Cando a mora madura, tamén pinta a uva. (46)
- 342. Cando a rula empeza a rular, colle o cestiño / cesto e vai sementar. (12), (*)
- 343. Cando o trigo vai louro, o muxo vale ouro.
- 344. Cando oías a rula rular, colle o cestiño e vai sementar.
- 345. Cando oías o cuco cucar, o teu millo has de botar.
- 346. Carro derradeiro, ou moi cargado ou moi baleiro. (12)
- 347. Da boa nai busca a filla e da boa cepa enxerta a viña.
- 348. Hórreo no camiño, alegre ó peregrino.
- 349. Labrador lacazán non ten callos na man.
- 350. Mentres ande na leira o xugo, que ande na casa o fuso.

351. Millo mesto vai no cesto; millo raro vai no carro. (11)
352. Millo / mainzo raro, espigas ao carro; millo / mainzo mesto, nin ao carro nin ao cesto.
353. Mora madura, pica na uva.
354. Na cuba, o viño tinto apertado e o branco folgado. (49, 62)
355. O millo no cesto; o millo raro no canastro. (4)
356. O ollo do amo engorda ao cabalo.
357. O pan ben arrendado échelle a eira ao seu amo.
358. O pan que foi ben sachado enche o hórreo do seu amo.
359. O que (a súa viña) non bima, non / tampouco vendima¹⁴. (49), (*).
360. O que non cava a terra, non sabe o que hai nela.
361. O que non sabe podar, non sei para que á viña vai.
362. O que sementa antes de Santa Catalina, moita palla e pouca fariña. (95)
363. Para dar boas claudias o claudieiro, enxétao primeiro.
364. Poda curto e ara fondo, terás viño e pan abondo.
365. Poda tardeiro e sega temperán, collerás uvas e gran.
366. Pouca terra ben esterçada vale por moita mal traballada.
367. Saches ben ou saches mal, sacha á beira do carreiral.
368. Se queres ter pan abondo, esterca ben e ara fondo. (12)
369. Terra sen abono acaba co seu dono.
370. Viña entre viñas e casas entre veciñas.

4.1.3. Outras axudas para entender o tempo

371. A gaivota na terra, os mariñeiros na taberna. (20)
372. A moito chover, cruzarse de brazos e vela caer.
373. Aire serán, auga na man. (84)
374. Ano de herba, ano de merda. (66), (*)
375. Ano de neves, ano de bens. (54), (74), (75), (76), (78)
376. Ano de xeadas, ano de fornadas/parvas. (33), (84)
377. Arco da vella ao poñente, ceiba os bois e vente.
378. Arco da vella ao raiante, que non te espante; e ao poñente, colle os bois e vente. (4)
379. Arco da vella para o raiante, afala os bois para diante.
380. Arco iris ao mediodía, é que chove para todo o día. (11)
381. As estrelas a brillar, norte fresco a soprar.
382. Auga á matina, á tarde tormentina. (84)
383. Cando as gaivotas bailan a muiñeira, hai que gardar o millo na eira. (84)
384. Cando canta o cuco, tan pronto mollado coma enxoiado. (84)
385. Chove e fai calor, vai o demo para Ferrol. (68)
386. Cando chove e fai sol, anda o demo por Ferrol cun saquiño de alfileres para espetarillos no cu ás mulleres e cun saquiño de carozos para espetarillos no cu aos mozos. (17)
387. Cando chove e fai sol, anda o demo por Ferrol, cun saco de tenedores para lle picar o cu aos señores. (68)
388. Cando chove e fai sol, anda o demo por Ferrol. (9), (48), (54), (84), (*)

¹⁴ Bimar é facer a segunda cava ou sacha a un cultivo.

389. Cando chove e fai sol, colle o caracol. (95)
390. Cando chove e mais fai sol, anda o demo por Ferrol, con un saco / cargadiño de alfileres para picarlles o cu ás mulleres. (51), (*)
391. Cando chove e mais fai sol, van as vellas/os vellos para Ferrol. (55), (57)
392. Cando chove e quente o sol, anda o demo por Ferrol, cargadiño de alfileres para picarlles o cu ás mulleres e cargadiño de tenedores para picarlles o cu aos señores. (37), (63)
393. Cando chove e vai sol, marcha o demo e o sol. (4)
394. Cando chove e vai vento, pecha a porta e métete / queda dentro. (11), (64)
395. Cando chove mais fai sol, van as meigas para Ferrol cun saquiño de alfileres para picarlles o cu ás mulleres. (43)
396. Cando haxa xeadas, queima a ramalla. (84)
397. Cando o Pico pon a touca, temos auga, pouca ou moita. (57)
398. Cando o Pico Sacro cobre o capelo, nenas da Ulla poñede o mantelo. (12)
399. Cando o sol está a quentar, a cabeza hai que tapar. (25)
400. Cando o sol ten barbas, vento e augas.
401. Cando soa o vendaval, mal pola terra, mal polo mar. (84)
402. Ceo cavado / empedrado, (antes de vinte e catro horas) chan mollado. (12), (15), (48)
403. Ceo empedrado, chuvia decontado. (67)
404. Ceo encarnado, vendaval ao rabo. (84)
405. Ceo escamado, vendaval seguro.
406. Chuvia no mar e vento na ría, auga para / chove todo o día. (11), (46), (64)
407. Coa chegada da bubela chega a primavera. (66)
408. Colleita mollada é media anada. (84)
409. Corrente ao este, sinal de mal tempo. (84)
410. Das cereixas aos nabos, todo son afagos; dos nabos ás cereixas, todo son queixas. (46)
411. Día de neve, día alegre. (84)
412. Flor de xeadas, ano de olivas. (1)
413. Gaivota na serra, mariñeiro na terra; gaivota no mar, mariñeiro a pescar. (4), (51)
414. Gaivotas á terra, mariñeiros / pescador á merda. (11), (70), (77), (78), (80)
415. Inverno chuvioso, verán caloroso. (12)
416. Lúa con risco, chuvia e ventisco.
417. Lúa nova con treboada, trinta días mollada. (11), (49), (62), (64), (*)
418. Néboa no Miño, a auga vén de camiño.
419. No tempo das mimosas anda o burro polas pozas. (59)
420. No tempo do cuco, na mañá me mollo e na tarde me enxugo. (46)
421. Non te fies do ceo estrelado nin do amigo reconciliado.
422. Nordés de serán, vendaval pola mañá.
423. Norte escuro, vendaval seguro. (12), (*)
424. Nubes á montaña, vellas á borralla; nubes á ribeira, vellas á raxeira.
425. Os días nones son os peores.
426. Pascuas molladas, moitas anadas; pascuas enxotas, nin moitas nin poucas.
427. Posta do sol colorada, do norte virá a ventada.

428. Que chova en abril e maio, aínda que non chova en todo o ano. (81)
 429. Se chove pola Ascensión, corenta días de auga son, día si e día non. (67), (76)
 430. Se non hai vento, fai bo tempo.
 431. Se o galo canta ao mediodía, néboa para o outro / seguinte día. (8), (11), (23), (35), (46), (64)
 432. Sol madrugueiro, auga no rueiro.
 433. Treboada polo leste, calma ó nordeste.
 434. Vale máis o que o sol cría que o que a auga deixa.
 435. Vento do mar e chuvia na ría, temos para todo o día.
 436. Vento mareiro é bo mariñeiro. (26)
 437. Xeada enriba da lama, de seguida a choiva lle fai a cama. (11)
 438. Xeada na lama, auga na cama. (2), (6), (55), (*)

4.1.4. Os oficios

439. Alcalde, nin de balde. (95)
 440. Canteiriño, canteirete, moi alegrete pero pouco cartete.
 441. Cazador e pesqueiro / troiteiro, nin boa meda nin bo palleiro. (12), (26)
 442. Cazador e troiteiro, pouca meda e menos palleiro. (2)
 443. Cazadores, xastres e zapateiros, son os máis mentireiros. (46)
 444. Costureira sen dedal cose pouco e cose mal. (68), (70), (81)
 445. En inverno e verán, gandeiro e hortelán.
 446. Home troiteiro, mala meda e mal palleiro.
 447. Home troiteiro, nin boa meda nin bo palleiro. (9)
 448. Home xastre e muller costureira, nin boa meda nin bo palleiro.
 449. Muller costureira e home troiteiro, nin boa meda nin bo palleiro.
 450. Ollo de barbeiro, metro de carpinteiro. (48)
 451. Os bens do sancristán por onde veñen, van. (74), (*)
 452. Pescador, cazador e gaiteiro, sempre pouco diñeiro.
 453. Sombra de lateiro, fungos da muña no abeiro¹⁵. (11), (20)
 454. Zapateiro, aos teus zapatos. (97)

4.1.5. Consellos e reflexións

455. A agulla de calcetar só é boa para quen a sabe manexar. (11)
 456. A alegría é un tesouro que vale máis có ouro.
 457. Á auga de correr, aos cans de ladrar e á xente de falar, non os podes privar. (11), (49), (64)
 458. A auga, para os peixes; para os homes, viño a feixes. (4), (8), (11), (46), (51), (64)
 459. A avaricia rompe o saco. (92)

¹⁵ Sobre esta forma paremiolóxica lemos en RUÍZ LEIVAS e EIROA GARCÍA-GARAVAL (2002: 374): É un acerto, pois a sombra de todo piñeiro novo é fácil atopa-lo devandito cogomelo. O curioso é que actualmente case ninguén usa en galego o termo "lateiro". Cando se consomen estes a micción soe tomar unha cor avermellada, sinal de que os riles funcionan ben. Un refrán relacionado con este é o seguinte: *Ollo á mexada, se fungos da muña van na empanada*. Dise por Valdeorras, curándose en saúde e para que ninguén se asuste ó ve-los ouriños.

460. A barco novo, capitán vello. (10)
461. A ben obrar, ben pagar. (11)
462. A bo madrugador axúdalle o Señor. (6)
463. A bo madrugador espéao o mellor. (6)
464. A bo viño non hai mal bebedor.
465. A boa capela, bo sancristán. (10)
466. A boa moza non a busques na romaría, búscala co traxe de cada día. (48)
467. Á boca cerrada non entran moscas. (13)
468. A bos entendedores, poucas palabras. (50)
469. A burra á xeadá ha de estar ata os beizos rebentar. (25)
470. A cabalo dado non se lle miran os dentes. (87)
471. A cabra (sempre) tira ao monte. (68), (77), (89), (91), (92), (97)
472. A cabra que tira ao monte, non hai cabreiro que a garde. (80)
473. A cabra, de chea, dá cos cornos no cu. (9), (93)
474. A cada paxariño gústalle o seu niño.
475. A cada / todo porco / porquiño chégalle o seu san Martiño. (25), (57), (63), (77), (78), (81), (91), (*)
476. A cara de pretender non ma volveron a ver. (54)
477. A cara é o espello da alma.
478. A cariña de pretender nunca a volverás a ver. (74)
479. A carne de burro non é transparente e os ollos do porco non ven. (63)
480. A carne de paquete, que a coma quen a mete. (13), (25)
481. Á casa da túa nai / tía non vaías cada día; á da túa cuñada, nada / máis ben nada. (11), (49), (62)
482. A castaña que está no camiño é do veciño. (11), (64)
483. A castaña que está no camiño non é do dono, é do veciño. (84)
484. A comida comida non fai compañía. (19)
485. A Deus rogando e co mazo dando. (9), (10), (13), (25), (58), (65), (74), (*)
486. A escudeiro fachendoso, rapaz tiñoso. (19)
487. A facenda, o seu dono que a atenda e, se non, que a venda. (11)
488. Á falta de pan, boas son tortas. (22), (47)
489. A gaita española nunca mexa sola. (1), (23)
490. A grandes males, grandes remedios. (9)
491. A home solteiro non lle dan casa. (19)
492. A laranxa pola mañá é ouro; pola tarde, prata; e pola noite, mata.
493. A letra, con sangue entra. (68), (87)
494. A lingua do amigo malo corta máis que un machado. (19)
495. A máis non poder, déitase Pedro coa súa muller. (19)
496. A máis non poder, o home déixase querer. (19)
497. A mala veciña dá agulla sen liña. (46)
498. A metade da moza está na tenda.
499. Á muller afeitada víralle a cara. (19)
500. A muller aguda co seu home se escuda. (19)
501. A muller de bo recado enche a casa ata o tellado. (64)

502. A muller e a gata é de quen a trata. (20)
503. A muller e a sardiña, canto máis pequeniña máis saborosiña. (2), (50), (58), (74), (78), (*)
504. A muller e a sardiña, mellor a máis pequeniña. (68)
505. A muller e a sardiña, pola máis pequeniña.
506. A muller e a sardiña, redondiña e ben feitiña. (20)
507. A muller e a sartén na cociña están ben. (12), (20), (63), (*)
508. A muller e o neno calan o que non souberon. (10)
509. A muller e o vento cambian a cada / ao / de / nun momento. (10), (12), (20), (*)
510. A muller e o vidro sempre están en perigo. (10)
511. A muller onde pon o ollo pon o logro. (64)
512. A natureza non reconece ricos nin pobres.
513. A neve, onde hai fogo, derrétese logo.
514. A ninguén lle amarga un doce.
515. A ocasión fai ao home ladrón. (63)
516. A onde vas boi que non aras? Ao matadoiro! (74)
517. A pai aforrador, fillo gastador.
518. A palabras burreñas, oídos cheos de cera. (74)
519. A palabras necias, oídos xordos. (61), (92), (*)
520. A pasiño de galiña chegou a Roma a miña veciña.
521. A pataca e mais a muller, cando vén a nova, ninguén quere a vella. (49)
522. Á pota que ferve ningunha mosca se atreve.
523. A primavera o sangue altera. (11)
524. A quen Deus non lle dá / deu fillos, o demo dálle / deulle sobriños. (67), (68), (78), (84)
525. A quen Deus quere para si, pouco tempo o ten aquí. (10)
526. A quen moito quere saber, dálle o cu a lamber.
527. A quen / Ao que madruga / que máis madruga / moito madruga Deus o / lle axuda¹⁶.
528. A rei morto, rei posto. (22), (74), (81), (*)
529. A río revolto, ganancia de pescadores. (22)
530. A roupa lavada, polo sol agarda. (26)
531. A san Andrés de Teixido vai de morto quen non foi de vivo. (26)
532. A san Andrés de Teixido quen non vai de morto vai de vivo.
533. A san Andrés de Teixido hai que ir de morto ou de vivo.
534. A sorte da fea a bonita a desexa. (49)
535. Á terceira vai a vencida. (9), (92), (*)
536. A trindade do galego: nabo, nabiza e grelo.
537. A un vilán danlle un pé e toma tamén a man. (64)
538. A universidade do mundo é a vida. (93)
539. A vaca que come de pé, nunca chea é. (78)
540. A vaca que non come canda os bois, ou come antes ou despois. (9), (67)

¹⁶ O número de veces que se repetiu esta forma da unha idea do seu uso: (11), (13), (15), (17), (22), (41), (48), (53), (59), (66), (69), (70), (78), (*).

541. A vaca, vela ir; e o boi, velo vir. (13)
542. A vellez non ten cura e a mocidade a penas dura. (8), (23), (35)
543. A / ao cabalo regalado non lle mires o dentado / dente / os dentes. (22), (57), (61), (66), (68), (79), (*)
544. A / ao mal tempo, boa cara. (22), (11), (33), (50), (51), (74), (*)
545. A / En/Para o can famento / fraco / vello todo son pulgas. (6), (46), (57), (66), (70), (74), (78), (81), (*)
546. Á / Na porta do rezador non poñas trigo ao sol e á/na do que non reza nada, nin trigo nin cebada. (12), (23)
547. Abre o porco e verás o teu corpo. (48)
548. Abriga a neve o trigo como abriga unha nai ao seu fillo. (19)
549. Aínda non te empezaches e xa te acabaches. (74)
550. Aínda que a mona se vista de seda, se mona era mona queda. (81), (97)
551. Allo fervido, allo perdido. (12)
552. Amigo de un, amigo de ningún. (95)
553. Amigo e viño, o máis / é mellor canto máis antigo. (46), (*)
554. Amiguiños: coma o gato e o can! (95)
555. Amiguiños si, pero a vaca / vaquiña polo que vale. (48), (70), (81)
556. Amor de nai, outro mellor non hai. (9)
557. Amor que arde de présa, consómese logo.
558. Andando faise o camiño.
559. Ande eu quente e ría a xente. (13), (*)
560. Ano novo, vida nova. (92)
561. Anque me botes os cans ao rabo, léveme o demo se deixo o nabo. (69)
562. Antes de facer unha cousa unha vez, pénsaa / pensala primeiro tres. (8), (46), (64)
563. Ao amo comerlle e non temerlle. (19)
564. Ao home pobre a cama o come. (72)
565. Ao pan, pan, e ao viño, viño. (22)
566. Ao que algo quere, algo lle custa.
567. Ao que bebe viño, chéiralle o fociño.
568. Ao que madruga, Deus lle axuda. (91)
569. Ao que mal lle desexa ao veciño, o del lle vén por outro camiño. (57)
570. Ao que toma moito viño, fáiselle estreito o camiño. (54)
571. Aprende, cachola, que estamos na escola. (48)
572. Aprende máis o que cala que o que fala.
573. As aparencias enganan. (92)
574. As castañas que caen no camiño son do veciño. (92)
575. As contas da casa non dan coas da praza.
576. As cousas claras e o chocolate espeso. (78)
577. As desgrazas nunca veñen soas. (47)
578. As malas noticias chegan voando e as boas, coxeando. (28)
579. Ás nove déitate, home, e ás dez deita a muller. (11)
580. As penas con pan son menos. (58)
581. As plantas e os señores, canto máis raros, mellores. (50)

582. Ás veces está a carne no prato por falta de gato.
583. As vodas con foguetes sempre acaban en / a cachetes. (48), (63)
584. Así medre meu sogro como a leña no fogo. (19)
585. Auga corrente, non mata á xente; auga estancada está envelenada. (48)
586. Auga e candeia a ninguén se nega. (19)
587. Auga que non vas beber, déixaa correr. (50)
588. Avós, dúas veces pais. (95)
589. Barato estaría o pan se non o comera o folgazán. (9)
590. Barbas que son parellas non gardan ben as ovellas. (19)
591. Barriga vacía, non ten alegría. (97)
592. Beber suando auga fría, catarro ou pulmonía. (15)
593. Besta vella, aprender andadura. (74)
594. Bo tempo virá que a vella rirá.
595. Bo viño e boa tallada, e non preocuparse por nada.
596. Boa roupa e boa vida fan a vella garrida. (48)
597. Bois vellos con xugo novo, rego torto. (95)
598. Bótame na lama e fai boa cama. (69)
599. Burro cansado non fai máis que andar deitado. (74)
600. Burro / Besta / Cabalo grande, ande ou non ande¹⁷.
601. Cabalo que ten que ir á guerra, non morre no ventre da egua. (87)
602. Cada cousa no seu sitio e un sitio para cada cousa. (47)
603. Cada home ten o seu nome. (19)
604. Cada oleiro gaba o seu pucheiro. (19)
605. Cada ovella coa súa parella. (74)
606. Cada tolo co seu conto. (70)
607. Cada un é como Deus o fixo ou un pouco peor. (10)
608. Cada un é rei na súa casa. (47)
609. Cae / Cóllese / Pillase antes / máis rápido a un mentireiro / mentiroso que (a) un coxo¹⁸.
610. Café fervido, café perdido. (74), (*)
611. Can ladrador, pouco / non mordedor. (9), (15), (46), (56), (63), (68), (81), (*)
612. Can moi ladrador non é o que máis morde. (84)
613. Can que ladra, non morde. (49)
614. Cando a esmola é moita, ata o santo desconfía. (64)
615. Cando as barbas do veciño vexas cortar, pon as túas a remollar. (93)
616. Cando busques noiva, mira para a cara dela, para o corpo da nai e para a carteira do pai. (48)
617. Cando discutas coa muller, pensa que a vas perder. (19)
618. Cando hai fame, non hai pan duro / podre. (58), (*)
619. Cando nace un fillo, nace unha espiga de millo. (19)

¹⁷ A cantidade de falantes que anotaron esta forma demostra que segue a ser moi empregada: (9), (11), (13), (25), (58), (59), (68), (74), (81), (*).

¹⁸ Foron doce os informantes que escoitaron e transcribiron este refrán: (13), (15), (17), (25), (33), (41), (48), (61), (63), (70), (74), (*).

620. Cando o paxaro a pica é cando a froita está máis rica. (12)
621. Cando o río soa, (é que) auga leva. (11), (13), (17), (57), (74), (81), (92), (*)
622. Cando o sol se pon, sempre é noite. (74)
623. Cando vexas o teu veciño as barbas / as barbas do teu veciño cortar, pon as túas a remollar. (24), (67)
624. Cando / Se as barbas do teu veciño vexas / ves cortar / queimar, pon as túas a remollar. (9), (13), (15), (*)
625. Canto máis amigo, máis che dan polo cu. (84)
626. Canto máis tes, máis queres. (61), (74)
627. Canto máis vai, peor é. (92)
628. Carta na mesa, pesa. (9)
629. Carto ganado, carto papado.
630. Casamentos con foguetes acaban en cachetes. (20)
631. Cásate con el se che deixa o anel. (20)
632. Coa muller e co diñeiro non xogues, compañeiro. (48)
633. Coa vara coa que mides serás medido. (74)
634. Colle boa fama e bótate a durmir. (11)
635. Collerás viño mosto se vendimas enxoiro. (84)
636. Comer e rañar, todo / todo o mal é / éche cousa de empezar¹⁹.
637. Como chove na casa do pobre!
638. Como come o burro, caga o cu. (77)
639. Compra a quen herdou, que non sabe o que custou.
640. Con amigos coma ti non fan falta inimigos. (78)
641. Con pan e viño ándase / xa se anda / fai o home o camiño. (1), (2), (48), (57), (68), (95), (*)
642. Costa abaixo tódolos santos axudan. (58), (*)
643. Cría corvos, que che sacarán / e sacaranche os ollos. (17), (70), (78), (92)
644. Criado por avó, nunca é bo. (19)
645. Cu de mal asentado, non acaba ningunha cousa e emprende cento. (10)
646. Cumpre co teu deber aínda que teñas que perder. (83)
647. Cunha sardiña de máis rebentou o burro. (93)
648. Da man á boca pérdese a sopa. (68)
649. Da muller e da pescada, a máis adiantada.
650. Da muller e do mar non convén fiar. (8), (11), (23), (35), (64)
651. Da rapa á rebola, vaia o demo e a escolla. (10), (17), (74)
652. De cuñado nunca esperes bocado. (19)

¹⁹ Son moitas as variantes desta paremia recollida por un bo número de informantes: (8), (9), (11), (23), (46), (48), (58), (64), (67), (74), (84), (91).

Atopamos moitas delas no *Refranero Multilingüe* (cvc.cervantes.es/lengua/refranero) [consulta realizada o 26/11/2018].

*O xantar e o rañar é cousa de empezar;
que despois mal se pode deixar* (Conde 2001 n° 469).

O rañar quere comezar (Ferro 1987 n° 2405; Vázquez 2003 n° 20582).

653. De fóra virá quen ben te botará. (20)
 654. De pais gatos, fillos micos. (12)
 655. Despois de algo perdido, algo recollido. (63)
 656. Despois, paran as vacas e aran os bois. (55)
 657. Desque vén o cuco, fóra pulpo. (46)
 658. Deus axuda a quen moito madruga.
 659. Deus dálle pan a quen non ten dentes. (11), (48), (56)
 660. Deus os dá e eles se xuntan. (78)
 661. Día de todo, vispora de nada. (58)
 662. Dígoche filla, enténdeme nora. (58)
 663. Dime con quen andas e direiche quen es. (46), (74), (80), (84), (*)
 664. Dime de que presumes e direiche de que careces. (63), (80)
 665. Díxolle a pota / o pote ao caldeiro:
 “Aparta de aí / Chégate alá / Alónxate, que me lixas / nuxas”. (49), (51), (57), (58)
 666. Do amor ao odio hai un paso. (47)
 667. Do dito ao feito hai un (gran) treito. (66), (74), (77).
 668. Do que non sabes, non fales.
 669. Doce galiñas e un galo comen máis que un cabalo.
 670. Dúas fillas e unha nai, tres díaños para o pai. (67)
 671. É igual Xan que Pericán. (91)
 672. É máis fácil comprar malo e caro que bo e barato. (10)
 673. É mellor chegar tarde que nunca. (9)
 674. É mellor o que o sol deixa que o que a auga cría. (93)
 675. Ela quere que lle laven as cuncas e que se deiten con ela tamén. (4)
 676. En / Con boca cerrada non entran moscas. (84), (92), (93), (97)
 677. En can vello todo son pulgas.
 678. En martes nin te cases nin te embarques, nin o teu porquiño mates. (81)
 679. En niños do ano pasado non hai paxaros este ano. (9)
 680. En terra de lobos hai que ouvear coma todos.
 681. En / No / O martes (ou venres) nin te cases nin te embarques. (2), (48), (54), (58), (78), (*)
 682. Entre bombeiros non se pisa a mangueira. (22)
 683. Entre o correr e o parar hai o camiñar. (92)
 684. Entre pais e fillos non metas os fociños. (68), (87)
 685. Entre pais e irmáns non metas as mans. (20)
 686. Eramos poucos e pariu a avoa. (63), (91)
 687. Estás na horta e non ves as verzas. (48), (50)
 688. Estornións e pardais, todos queren ser iguais. (69)
 689. Facer do cu un pandeiro. (15)
 690. Fai ben / o ben e non mires a quen. (63), (65), (68), (78)
 691. Fai o que eu che digo e non o que eu fago. (68), (74)
 692. Fala máis quen mexa na cama que quen a limpa. (11)
 693. Falando do rei de Roma, pola porta asoma. (51)
 694. Fillo de loba, lobiño; fillo de pancha, panchiño; se non é nas mans é nos pés, has de imitar a quen es. (25)

695. Fillo fuches, pai ou nai serás, mira o que fixeches e así o terás. (46), (64)
696. Fillo sen dor, nai sen amor. (95)
697. Fillos criados, traballos dobrados. (3), (50), (*)
698. Fillos da miña filla, fillos do meu corazón; fillos da miña nora, o serán ou non. (63)
699. Fillos de meu pai, levádeme a cagar, que os de miña nai non saben andar. (49)
700. Flores debuxadas non cheiran a nada. (47)
701. Forza de mozo e consello de vello. (12)
702. Galiña poñedora e muller silenciosa, valen calquera cousa.
703. Galiña que non pon os ovos, ao caldeiro vai. (68)
704. Galiña vella fai bo caldo. (68)
705. Galiñas que cantan coma o capón, na miña casa non. (74)
706. Gasta en pan e viño o que (lle) vas deixar ao sobriño. (11), (49), (62)
707. Hai que dar e ter, para que te veñan ver. (13)
708. Hai que gardar as / das risas para as choras/os choros. (25), (84), (*)
709. Hai que saber disimular o que non se pode remediar. (48), (68)
710. Hai tantos homes bos coma corvos brancos.
711. Herba mala nunca morre. (22), (54)
712. Home casado nin muller é. (2)
713. Home casado, burro escarallado. (48)
714. Home fantasmón, pouco aceite e moito algodón. (1)
715. Home pequeno, en corno crece. (67)
716. Home precavido vale por dous. (15)
717. Home prevenido nunca foi vencido. (12)
718. Home / Rapaz pequeno, fol de veneno²⁰.
719. Horta, muller e muíño queren uso continuo.
720. Importar un nabo. (15)
721. Inimigo que foxe, ponte de prata. (92)
722. Ir e vir, carretar se chama. (11)
723. Leiras en moitos lugares dan moitos pesares. (12)
724. Levarse coma o can e o gato. (58), (84), (*)
725. Máis claro, auga. (47)
726. Máis gaña o ladrón roubando que o traballador traballando. (64)
727. Máis sabe o demo por vello que por demo / sabio. (70), (87), (93)
728. Máis vale calar que mal falar.
729. Máis vale maña que forza.
730. Máis vale o malo coñecido que o bo por coñecer. (9), (17), (22)
731. Máis vale pan duro que pedras brandas. (57)
732. Máis vale paxaro en / na man que cen / un cento voando / a voar²¹.
733. Máis vale pequeno e agudo que grande e burro. (51)

²⁰ Foron catorce os informantes que recompilaron este refrán: (9), (20), (25), (33), (48), (52), (54), (58), (64), (66), (68), (72), (74), (84).

²¹ É unha das formas máis empregadas do refraneiro. Os informantes que o recolleron son os que seguen: (13), (17), (22), (25), (46), (51), (63), (64), (74), (77), (80), (81), (85), (92), (94), (*).

734. Máis vale pouco que nada.
735. Máis vale previr que lamentar / ter que curar. (13), (17), (25), (58), (63), (92)
736. Máis vale quedar torto que morto.
737. Máis vale só que mal acompañado.
738. Máis vale tarde que / ca nunca. (9), (13), (15), (49), (51), (78), (91), (97)
739. Máis vale un amigo na praza que diñeiro na arca.
740. Máis vale un mal acordo que un bo preito. (33), (45)
741. Mal de moitos, consolo de tontos. (17)
742. Mal do bicho que vai á boca doutro. (58)
743. Mal lle vai ao raposo cando anda aos ovos. (69)
744. Mala herba nunca morre. (46), (68)
745. Malo do rato que sabe só dun burato. (9)
746. Malo do / o rato que non sabe (de) máis dun burato. (1), (74)
747. Man lavada, saúde ben gardada.
748. Mans frías, amores todos os días. (50)
749. Mans que non dades, que / a que esperades? (2), (63), (68), (74)
750. Mellor cogomelo perdido que mal comido. (8)
751. Mentres hai vida, hai esperanza. (78)
752. Mentres o pau vai e vén, descarga o lombo. (84)
753. Mentres se capa, non se asubía.
754. Meu dito, meu feito. (63)
755. Mexan por nós / ti e din / hai que / tes que dicir que chove. (66), (68), (84)
756. Moda non moda, o cu que non quede fóra. (51)
757. Moito e ben non hai quen. (65), (68)
758. Moito e ben non o fai ninguén. (9), (12), (13)
759. Moito peixe rompe a rede. (84), (95)
760. Moito ruído e poucas noces. (70), (74)
761. Moito tes que / has de saber para (os) cogomelos coller. (8), (11), (33), (46)
762. Morto o can, acabouse a rabia. (97)
763. Muller con bigote non necesita dote. (48)
764. Muller morta non fala.
765. Muller morta, sete á porta. (63)
766. Muller pequeniña, muller saborosiña. (51)
767. Muller / A muller que asubía e galiña que canta coma o capón, na miña casa non. (10), (50), (*)
768. Muller, vento e ventura, axiña mudan.
769. Na casa do ferreiro, coitelo de pao. (22), (25), (50), (58), (78), (81)
770. Na casa do ferreiro, coitelo de pao, e na do carpinteiro, a porta / séntanse / sentarse / séntate no chao²².
771. Na feira de Vilaverde o que máis pon, máis perde. (19)
772. Na moita necesidade coñécese o amigo de verdade.

²² Aínda que na actualidade é máis usada a forma anterior, a 767 por acortamento: *na casa do ferreiro, coitelo de pao*, a paremia completa foi anotada en nove ocasións: (9), (46), (50), (51), (55), (64), (67), (93), (*).

773. Na porta do rezador non poñas trigo ao sol; na do que non reza nada, nin trigo nin cebada. (8)
774. Na semana de Ramos lava os teus panos, que na de Pasión ou os lavarás ou non. (10)
775. Nas mans ou nos pés has imitar a quen es. (74)
776. Navegar contra o vento custa traballo e tempo. (51)
777. Navegar e casar non se pode aconsellar. (51)
778. Nin casa á beira do río, nin viña ao pé do camiño. (46)
779. Nin come nin deixa comer. (78)
780. Nin de novo nin de vello sentes o cu na pedra. (81)
781. Nin o cura nin o Papa: de cagar ninguén escapa.
782. Nin ola sen touciño, nin xantar sen viño. (11), (49)
783. Ninguén lle tira o rabo á vaca como o seu dono. (58)
784. No Carballiño hai moita auga e pouco viño.
785. No Carballiño, bo pan e bo viño.
786. No inverno non hai mal can, nin mala pólvora no verán. (69)
787. No meu carro non vai á misa.
788. No país dos cegos o chosco é o rei. (48)
789. Noites alegres, mañás tristes, cabeza louca que non durmiches. (51), (83)
790. Non as fagas, non as temas. (15), (51)
791. Non as fagas, non as temas; fainas e conta con elas. (74)
792. Non botes o trigo ao sol á porta do rezador. (84)
793. Non botes / poñas o carro diante das vacas. (56), (61)
794. Non busques / vaías buscar (o) pan ao / no niño do can. (57), (70)
795. Non dar puntada sen fio. (13)
796. Non deixes para mañá o que podes facer hoxe. (11), (74), (83)
797. Non é mellor / máis rico quen máis ten, senón quen menos necesita / quere. (10), (48), (53), (56)
798. Non é ouro todo o que reloce. (81)
799. Non ganar para disgustos. (15)
800. Non hai atallo sen traballo. (95), (*)
801. Non hai ben que por mal non veña. (67), (74)
802. Non hai cousa que pague coma o tempo. (15)
803. Non hai día que non chegue nin tempo que non acabe. (46)
804. Non hai home ruín sendo a muller boa. (95)
805. Non hai mal que por ben non veña. (17), (25), (55), (58), (65), (70), (74), (*)
806. Non hai pega branca sen mancha negra. (9), (15), (*)
807. Non hai peor cego có que non quere ver. (38), (49)
808. Non hai pouco que non chegue nin moito que non se acabe. (13), (68), (*)
809. Non hai sábado sen sol nin domingo sen misa. (65)
810. Non hai unha sogra boa. (58)
811. Non hai vida que non sexa reñida.
812. Non lle busques tres pés ao gato. (61)
813. Non lle desexes / pidas mal ao veciño, que a ti che vén polo camiño. (49), (*)
814. Non lle fagas caso / mal a quen non o merece, mais non lle fagas ben a quen non o agradece. (11), (64)

815. Non pidas a quen pediu nin / e non sirvas a quen serviu. (12), (13), (*)
816. Non por máis / moito madrugar amañece / amence antes / máis cedo / pronto²³.
817. Non por moito correr se chega antes. (68)
818. Non remoaos os dentes nin as moas, porque pasou o entroido e ti non probaches as filloas. (10)
819. Non sabe o raposo das galiñas que dormen fóra. (57)
820. Non se collen as troitas coas pernas / bragas enxoiatas. (11), (48)
821. Non se dar posto no camiño. (9)
822. Non se engana a que non conta. (65)
823. Non se enche / fai palleiro sen palla. (81), (*)
824. Non se pode estirar o pé máis cá manta.
825. Non sirvas a quen serviu nin debas a quen debeu. (81)
826. Non sirvas a quen serviu nin / e non pidas a quen pediu. (65), (*)
827. Non te deitarás sen saber unha cousa máis. (61)
828. Non te durmas nos loureiros. (70)
829. Non te fies da cara, que ata ao pai o fillo engana.
830. Non te rías do mal do veciño, que vén o teu polo camiño.
831. Non trates de convencer aos que nunca se darán por convencidos. (83)
832. Nos xogos de azar a sorte non é xogar. (83)
833. Nunca chove a gusto de todos. (7), (47), (74), (91)
834. Nunca choveu que non escampase²⁴. (7), (55), (57), (59), (68), (70), (82), (*)
835. Nunca é tarde se a dita é boa. (70)
836. Nunca faltou un roto / remendo para un descosido. (48), (58), (70), (*)
837. Nunca te deitarás sen saber unha cousa máis. (92)
838. O amigo e o (bo) tempo múdanse co / mudan segundo vai o vento. (46), (64), (*)
839. O amigo leal e franco, ese é un merlo branco. (19)
840. O amigo máis certo é o diñeiro. (19)
841. O boi ceibo de seu se lambe. (58)
842. O boi só ben se lambe. (22)
843. O can máis ladrador non é o que máis morde. (49)
844. O can no palleiro nunca quere compañeiro.
845. O casado casa quere; vaia a sogra para o carallo. (13)
846. O cortés non quita o valente. (97)
847. O cura onde canta / Onde o crego canta, xanta. (4)
848. O dar é un honor; o pedir, dor. (47)
849. O demo, para as facer, cobre unha manta e, para as desfacer, toca unha gaita. (57)
850. O esqueiro na man do obreiro é un bo compañeiro. (19)
851. O galo cando canta, é que é día.
852. O gato escaldado á auga fría lle ten medo / da auga fría escapa. (57), (*)
853. O home e a pesca, aos tres días apesta. (4)

²³ Foron máis de once os infomantes que recolleron este refrán: (11), (17), (22), (41), (48), (51), (58), (59), (68), (78), (97), (*).

²⁴ Os oito informantes que recompilaron este refrán son os que seguen: (7), (55), (57), (59), (68), (70), (82), (*).

854. O home é o lume; a muller, a estopa; e vén o diaño e sopra. (10)
855. O home e o oso, canto máis feo, máis fermoso. (11), (74), (*)
856. O home pensa e a muller dá que pensar. (20)
857. O home propón, Deus dispón e a muller todo o descompón.
858. O home, onde nace, e o boi, onde pace. (12)
859. O labor comezado, que non cho vexa sogro nin cuñado. (19)
860. O mal amigo deixa a palla e colle o trigo. (67)
861. O mal do pai co fillo vai. (20)
862. O Miño leva a fama e o Sil dálle a auga. (95)
863. O pan de millo mantén a fame na casa.
864. O peor testigo é quen foi teu amigo. (10)
865. O que a boa árbore se achega, ben se acobexa. (58)
866. O que a ferro mata, a ferro morre. (66), (74)
867. O que algo quere, algo lle custa. (9), (61), (*)
868. O que aos seus cría, boa tea fía.
869. O que ben empeza, ben acaba. (67)
870. O que busca, encontra. (47)
871. O que che é burro, tanto ten aquí coma en Lugo. (11)
872. O que con nenos / pícaros / rapaces se deita, mexado se levanta. (58), (78), (81), (97)
873. O que de mozo baila ben, de vello dá xeito tamén. (63)
874. O que de novo non aforra un misto, de vello non ten un cristo.
875. O que fai ben, faino para el tamén. (63)
876. O que fai un cesto fai un cento, se lle dan vimbios e tempo. (46)
877. O que foi a Sevilla, perdeu a silla. (97)
878. O que garda, sempre ten. (48), (58), (67), (84), (91)
879. O que lonxe vai casar, changa / chata / tacha leva ou vai buscar. (13), (58), (70), (*)
880. O que mellora a Ramiro, a Xoán séntalle coma un tiro.
881. O que non chora, non mama. (13)
882. O que non fuma nin bebe viño, o demo o leva por outro camiño. (68)
883. O que non mata, engorda. (77), (*)
884. O que non sabe é coma o que non quere ver. (15)
885. O que non sabe facer / ten que facer, sacha os nabos antes de nacer. (28), (68)
886. O que non ten mañas non come castañas.
887. O que nunca tivo un porquiño, anda sempre “Quiriño, quiriño”. (46)
888. O que poidas facer hoxe non o deixes para mañá. (9), (68)
889. O que ri último / de último ri mellor. (70), (78)
890. O que se pica, allos come. (50), (58)
891. O que sementa ventos, recolle tempestades. (8), (46), (64)
892. O que ten a lingua aguda, ten que ter a costela segura.
893. O que ten ansia non dorme. (68)
894. O que ten besta e anda a pé, máis besta el é. (12)
895. O que ten boca, chega a Roma. (58)
896. O que ten fame e non come é porque non pode.
897. O que ten rabo de palla, ten medo que lle arda.
898. O que vai á feira das bestas, leva patadas. (65)

899. O que xanta de pé, nunca farto é. (63)
900. O que / Quen de novo non traballa, de vello dorme na palla. (9), (26), (50), (72), (74), (*)
901. O río sempre corre para abaixo. (74)
902. O saber non ocupa lugar. (51), (97)
903. O tempo é ouro. (92)
904. O tempo é pai da verdade e irmán da mentira. (95)
905. O traballo do casado é o traballo máis honrado. (19)
906. O viño das festas e os testamentos dos avós fixéronos eles e pagámoslos nós. (19)
907. O viño do Ribeiro fai andar ao vello lixeiro.
908. O viño do Ribeiro non ten compañeiro. (12)
909. O viño e o amigo, mellor canto máis antigo. (11)
910. O viño fai dun vello un mociño. (58)
911. O viño fai rir, fai durmir e as cores (á cara) saír. (46), (49), (54), (64)
912. O viño quitado, bebelo ou tiralo. (49)
913. O viño, bebelo a modiño, gotiño a gotiño.
914. O víspera da voda mal se axeita a noiva. (58)
915. Ollo á mexada, se fungos da muña, van na empanada. (20)
916. Ollo por ollo e dente por dente. (22), (51), (63)
917. Ollos que non ven, corazón que non sente / doe. (50), (63), (92), (*)
918. Onde hai capón non canta galiña. (74)
919. Onde hai unha besta, unha muller e unha máquina, hai noticias frescas. (74)
920. Onde hai/manda capitán / patrón, non manda mariñeiro. (22), (58), (74), (*)
921. Onde o boi pace, o home nace.
922. Onde se saca e non se pon, logo se chega ao fondón.
923. Onde vexas fumar, non te vaías quentar. (2)
924. Os cartos non fan a felicidade, pero calman os nervios. (48)
925. Os cregos en calzón, homes son. (12)
926. Os de Lalín, xente ruín. (95)
927. Os de Palmeira beben caña pola cuncha da vieira.
928. Os fillos da miña filla meus netos son e os da miña nora, serán ou non. (33), (46)
929. Os inimigos do home son tres: sogra, cuñada e muller. (68)
930. Os palotes do rebusco teñen dobre gusto²⁵. (20).
931. Os pementos de Padrón, uns pican e outros non. (70)
932. Os que dormen no mesmo colchón, son da mesma condición. (83)
933. Os rapaces falan cando mexan as galiñas. (78)
934. Os rapaces van sempre diante para a misa, pero paran a mexar polo camiño. (4)
935. Ou nas mans / uñas ou nos pés, has de imitar a quen es. (97), (*)
936. Outra vaca no millo! (38)
937. Ovella que berra / fala, bocado que perde. (48), (56), (63), (81), (*)

²⁵ O rebusco é o froito que queda nos terreos de labradío e nas árbores tras a colleita. *Palote* é un dos máis de cincuenta nomes, segundo explican, RUÍZ LEIVAS e EIROA GARCÍA-GARAVAL (2002: 376) que recibe o cogomelo *Macrolepiota procera*. Este dito refírese a que uns días despois das vendimas se permitía que quen quixera fose rebuscar as uvas que quedaban nas viñas e se, ademais das uvas, atopaban palotes, a satisfacción era dobre.

938. Pan duro, dente agudo. (2)
939. Para dicir mentiras e comer pescado, hai que ter moito coidado. (48), (68)
940. Para o can vello todas son pulgas.
941. Para o pobre sempre é noite.
942. Para presumir hai que sufrir. (51)
943. Para que te queira unha muller, carteira chea has de ter. (74)
944. Para quen non quere, ten meu pai moito / teño eu abondo.
945. Parecerse coma un ovo a unha castaña. (51)
946. Pau do coxo, pau do demo.
947. Pensa / Cre o ladrón que todos son da mesma / da súa condición. (47), (57), (58)
948. Plantar a viña ao pé do camiño ten mal veciño. (33)
949. Pola boca morre o peixe. (46), (*)
950. Pola costa abaixo calquera boi turra. (92)
951. Pola noite todos os gatos son pardos. (9)
952. Polo interés quérate, Andrés. (63)
953. Por campar, rabiar. (47), (58), (78)
954. Por moito que madrugues non amañece máis axiña. (2)
955. Por unha palla arde un palheiro.
956. Pouco falar e máis traballar. (92)
957. Pouco importa madrugar se non hai ganas de traballar. (28)
958. Pouco me dades e menos levades. (63)
959. Predica meu cura, predica meu frade: por un oído me entra e por outro me sae. (83), (*)
960. Predicar co exemplo é o mellor argumento. (83), (*)
961. Prefiro vaca morta que a xustiza na porta. (12), (20)
962. Primeiro son os meus dentes que os meus parentes. (46)
963. Pulmonía sen quentura, morte segura. (12)
964. Que cada can lamba o seu carallo. (84)
965. Quen a boa árbore se arrima, boa sombra o cobixa. (13), (17), (68), (80)
966. Quen as fai, págaas. (70)
967. Quen canta, o mal espanta. (50)
968. Quen coas mans non pode, cos dentes acode. (84)
969. Quen entra sen pedir licenza, ou é da casa ou é sinvergüenza.
970. Quen mestura o viño coa auga, de dúas cousas boas fai unha mala.
971. Quen moito abarca, pouco apreta. (94)
972. Quen moito fala, pouco escoita.
973. Quen moito gana, moito gasta.
974. Quen nada debe, nada teme. (17)
975. Quen paga, descansa; e o que cobra, moito máis. (58)
976. Quen queira pescar, ten que se mollar.
977. Quen quere a Beltrán, quere ao seu can. (19)
978. Quen ri de último, ri mellor. (9)
979. Quen ten tenda, que a atenda, e se non, que a venda. (3), (*)
980. Quen ten vergonza, nin come nin almorza. (17)
981. Quen toma a Deus como padriño, tranquilo que fai o camiño. (15)
982. Quen vai ao río, molla o cu. (48), (66)

983. Quen / O que mal anda / empeza, mal acaba. (22), (65), (74)
984. Quéntate co traballo, non coa leña de carballo. (57)
985. Querer é poder. (83)
986. Raposo que moito dorme, galiña gorda non come.
987. Redondo, barril sen fondo. (74)
988. Refráns hai máis que pans e letanías, máis que días. (8), (23), (35)
989. Sabe máis o demo por vello que por demo.
990. Sabe máis o raposo por vello que por raposo. (4), (15), (74)
991. Sabe máis o vello por sabio que por vello. (13)
992. Sabio é quen pouco fala e moito cala. (47)
993. San Amaro de Barouta, saes dunha e méteste noutra. (9)
994. Santa Rita bendita, o que se dá non se quita. (65), (85)
995. Santos á forza non se fan. (9)
996. Sarna con gusto non pica, pero mortifica. (13), (78)
997. Se a envexa fose tiña, todo o mundo a tiña.
998. Se bebes para olvidar, paga antes de empezar. (7)
999. Se cantas, non asubías. (65)
1000. Se lle desexas mal ao veciño, vénche o teu polo camiño. (48)
1001. Se miña avoa tívese rodas, non sería miña avoa, sería unha bicicleta. (9)
1002. Se non o vexo, non o creo. (48)
1003. Se non podes co teu inimigo, únete a el. (74)
1004. Se non queres unha cunca de caldo, que che boten dúas. (48)
1005. Se o diñeiro fose merda, os pobres nacerían sen cu.
1006. Se o porco voara, non había quen lle ganara. (84)
1007. Se ofreces e non das, fillo do demo serás. (64)
1008. Se queres chegar logo, vaite ao xeito. (13)
1009. Se queres comer ovos, non metas a galiña á cazola. (74)
1010. Se queres que a muller te queira, ten diñeiro na carteira. (20), (68)
1011. Se queres que eu che cante, a paga por diante.
1012. Se queres ter boa fama, que non che dea o sol na cama.
1013. Se te metes cunha muller, sempre has de perder. (25)
1014. Se xantas castañas, de visita non vaias. (51)
1015. Segredos en reunión son de mala educación. (92)
1016. Sen paciencia non hai ciencia. (25)
1017. Ser can sen dono. (15)
1018. Ser máis feo que pegarlle ao pai á saída da misa. (58)
1019. Servir a quen quere ser señor é servir a un traidor. (12), (63)
1020. Sete nun pé, choupín malo é. (20)
1021. Sirve a teu amo a sabor, se queres de servidor ir a señor. (19)
1022. Sogra e nora, e can e gato, non comen ben no mesmo prato. (48), (67), (66), (68), (*)
1023. Tabaco, viño e muller botan un home a perder. (20)
1024. Tan bo é Xan coma Pedro.
1025. Tanto dure a mala veciña coma a neve marceliña.
1026. Tanto monta, monta tanto, Isabel como Fernando. (9)
1027. Tanto ten Xan coma o seu irmán.

1028. Tempo virá que a vella rirá. (70)
1029. Ten coidado de ganar, que o tempo che queda para gastar. (11)
1030. Tiran máis dúas tetas que un par de carretas. (9)
1031. Traballando sen candil fanse fillos mil. (12), (20)
1032. Un anaco de pan, touciño e viño fan ao vello mociño. (25)
1033. Un bo romeiro quere un bo compañeiro. (19)
1034. Un bo viño fai ao vello mociño. (48)
1035. Un chopiño de augardente deixa o corpo quente.
1036. Un home é un home e un gato é un bicho.
1037. Un non sabe o que ten ata que o perde. (22)
1038. Unha casa sen libros é coma un xardín sen flores. (83)
1039. Unha chea trae unha fame e unha fame trae unha chea. (38)
1040. Unha vez vello, dúas veces neno. (91)
1041. Uns levan a fama e outros cardan a lana.
1042. Uns levan na vida o que a vida leva. (22)
1043. Uns nacen para santos e outros para pés brancos. (51)
1044. Unto de porco e mel de abellas, fervidos en viño e fôra catarreira! (12)
1045. Vai a burra / a vella morrendo e vai aprendendo. (48), (82), (91)
1046. Vai o vello morrendo e mais aprendendo. (25)
1047. Vai tanto o cántaro á fonte que acaba rompendo. (13)
1048. Vaiche boa, Vilaboa! (63)
1049. Vaite á casa de túa tía e non vaías tódolos días. (84)
1050. Vaite amodo e vente pronto. (54)
1051. Vaite ao xeito para chegar pronto. (65)
1052. Vale máis arrieiro dunha besta que criado dunha recua.
1053. Vale máis malo coñecido que bo por coñecer. (15), (68), (84)
1054. Vale máis o ruín coñecido que o bo por coñecer.
1055. Vale máis paxaro / pomba na man que cento voando. (57), (58)
1056. Vale máis pequeno agudo que grande burro (e o pequeno, como é agudo, métese no cu do burro).
1057. Vale máis pequeno e agudo que grande e burro. (20), (68), (72), (85)
1058. Vale máis tunda de pai que acariño de amo. (19)
1059. Vales o que pesas. (15)
1060. Vello sentado sabe máis que rapaz levantado. (97)
1061. Vento, riqueza e ventura, non son cousa segura.
1062. Ver o lixo no ollo do veciño e non a viga no noso. (58)
1063. Vinagre, limón e mel, saben mal pero fan ben. (12)
1064. Xenio e figura, ata a sepultura. (22)
1065. Xente de mal vivir, mal ir. (15)
1066. Xente de Noia, tropa do carallo. (15)
1067. Xente nova e leña verde, todo é fume²⁶.

²⁶ A cantidade de informantes que anotaron este refrán, doce, reflicte o uso actual desta forma: (2), (13), (26), (48), (54), (58), (68), (70), (74), (81), (84), (87), (*).

4.2. Cantigas

1. A castaña Martabela
foi ao ceo e xa volveu,
e quen a saboree
terá o poder de saber. (47)

2. A castaña no ourizo
quixo rir e rabeou,
caeu do ourizo embaixo,
vaia trompada levou! (47)

3. A miña burriña,
cando vai para o muíño,
toda enfariñada,
chea de frío e mais de xeadas,
a miña burriña
sempre vai cargada. (25)

4. A miña Rosiña
ten un caravel,
teno tan gardado
que eu non lle sei del. (28)

5. A muller do meu irmán
chamoume cara lavada.
Pasa o río pola porta,
lávate, miña cuñada.

6. A muller é un anxo,
o home é un demo
e tentando un ao outro
pasan o tempo. (68)

7. A muller que capa os homes
vive no campo de Noia;
fuxide de aí, homiños,
que aí vén a capadora. (4)

8. A pega e mailo pego
andan ás voltas no prado
e a pega, como é tan pilla,
botou ao pego por baixo.

9. A raíz do toxo verde
é moi mala de arrincar
e os amores primeiros
son moi malos de olvidar. (25)

10. A saia da Carolina
ten un lagarto pintado;
cando a Carolina baila,
o lagarto dálle ao rabo.
- Bailaches, Carolina?
- Bailei, si, señor.
- Dime con quen bailaches.
- Bailei co meu amor,
bailei co meu amor,
bailei co meu amor.

- Bailaches, Carolina?
- Bailei, si, señor.
A Carolina é unha tola
que todo fai ao revés:
déspese pola cabeza
e vístese polos pés.
- Bailaches, Carolina?... (13), (25), (37),
(56)

11. A sombra do castiñeiro
é de balde polo vrao
e heite levar a ela,
queridiña, pola mao. (78)

12. A Virxe de Guadalupe,
cando vai pola ribeira
descalciña pola area,
parece unha rianxeira. (13)

13. Adeus, martes de entroido,
adeus, martes de entroido,
tan bonito como era
e deixástelo marchar.

14. Adeus, martes de entroido,
adeus, martes larpeiro,
que ata o domingo de Pascua
non volvo untar o peteiro.

15. Adeus, martes de entroido,
adeus, meu amiguiño,
ata o domingo de Pascua
non comerei máis touciño. (48)

16. Agora que foi e foi,
nena, non teñas pesar.
Agora que foi e foi,
Deus cho ha de remediar.

17. Agora véñote vere,
agora véñote vere,
que che quero preguntare
cando te hei volver a vere. (6)

18. Ai, que ben bailo,
que ben me sacudo!
Vénme de casta
de ser caralludo. (82)

19. Ai Sariña, Sara,
e Vidal marchou!
Ai Sariña, Sara,
e non te levou!

20. Aínda che hei de botar unha,
aínda che hei de botar outra,
aínda che hei de botar unha
que che hei de queimar a roupa. (6)

21. Airiños, airiños, aires,
airiños da miña terra;
airiños, airiños, aires,
airiños levaime a ela. (26)

22. Alá abaixo, naquel carballo,
hai un vello rascando o carallo.
Alá arriba, naquela burata,
hai unha vella rascando na rata. (3)

23. Alá arriba, naquel petouto,
hai un vello mirando pra outro;
alá arriba, naquela cuneta,
hai unha vella rascando a peseta.

24. Alá enriba, non sei onde,
hai non sei que santo
que, rezándolle non sei que,
gánase non sei canto. (48)

25. Alá por un prado abaixo
van un vello e unha vella;
o vello pegou un salto
e a vella quedou debaixo. (50)

26. Algún día era eu
do teu prato a mellor sopa;
agora son o veneno
dos beizos da túa boca.

27. Algúns días daba voltas
por verte pola rúa
e hoxe aínda pago diñeiro
por ver semellante figura. (10)

28. Amor mío, si te vas,
déixame unha prenda túa,
déixame a túa navalla
para cortar a verdura. (15)

29. Amoriños collín
á beiriña do mar;
amoriños collín,
non os podo olvidar. (26), (63)

30. Anduvécheste alabando
de que te quería e te quero,
e agora pódeste alabar
de que te quería e te deixo. (25)

31. Anque che son moreniña,
moreniña, moreneira,
anque che son moreniña,
éche do polvo da eira.

32. Anque somos de Sergude,
de Sergude somos nós;
anque botamos o cura,
sabemos servir a Dios. (31)

33. Anque te vexa con outro,
nunca che perde o cariño,
porque onde un fai lume
sempre queda un rescaldiño.

34. Anque ten as pernas longas,
o bailador baila ben,
movéndoas ao compás
con ese xeito que el ten.

35. Antes aínda eras algo,
agora, malpocadiño,
xa non te queren as nenas
porque estás acabadiño. (25)

36. Ao muíño do meu pai / sogro
eu ben lle sei o tempero:
cando está alto, baixalo;
cando está baixo, erguelo.

37. Apaga o candil, María chus chus,
apaga o candil, que ten moita luz;
que ten moita luz, moita claridá,
apaga o candil e achégate alá. (15)

38. Aparta, loureiro verde,
deixa clarear a lúa,
por túa culpa non vexo
nena ningunha. (1)

39. Aparta, loureiro verde,
deixa clarear a lúa,
que estou no medio do monte
e non vexo cousa ningunha;
non vexo cousa ningunha,
aparta, loureiro verde,
deixa clarear a lúa. (68), (*)

40. Árdelle o eixe,
árdelle o carro,
árdelle o eixe,
hai que mollalo. (36)

41. Arriba laranxa
e abaixo limón,
as mellores mozas
de Gastrar son.

42. Arriba laranxa,
abaixo limón,
as nenas bonitas
son de Sarandón. (6)

43. Arriba pandeiro roto,
abaixo manta mollada,
onde estamos as mulleres
os homes non valen nada. (6)

44. Arrimeime a un pino verde
a ver se me consolaba
e o pino, como era verde,
ao verme chorar, choraba. (25)

45. As de alá de arriba,
cando van co gando,
espetan a vara
e bailan o tango;
e bailan o tango

e a muiñeira,
as de alá de arriba
non hai quen as queira. (52)

46. As mociñas de Oural
son pequenas e redondas,
sóbense ó campanario,
botan peidos coma bombas.

47. As mociñas do Outeiro,
hai que tocarlle a puñeta!:
a semana no traballo
e o domingo de peineta. (39)

48. As mociñas do Outeiro
van todas xuntas prá misa,
entran pola porta grande:
aí vai a flor de Galicia! (39)

49. As nenas de San Miguel
van todas xuntas á misa,
entran pola porta grande,
aí vai a flor de Galicia. (6)

50. Axudádeme a cantar,
rapaciños desta aldea;
axudádeme a cantar
porque estou en terra allea.

51. Cala ti, dentes de grade,
cacheira da miña besta,
nunca batalla venciches
nin agora vences nesta. (6)

52. Cando canta o galo,
cando canta é día,
vaiche de baranda,
vaiche noite e día. (50)

53. Canta cuco, canta cuco,
que xa cantou a bubela;
canta ti Maruxiña,
que estamos na primavera. (68)

54. Canta nena naquel souto,
canta nena naquel souto!
Coitadiño do que espera
do que está na man do outro! (3)

55. Canta ti, cantarei eu,
iremos os dous cantando.
Canta quen tivera amores,
os meus vánseme acabando. (50)

56. Cantámosche os reis,
non nos deches nada;
cantámosche os reis,
canela de cabra. (28)

57. Cantámosche os reis
do quiquiriquí,
cantámosche os reis,
xa estamos aquí.
Cantámosche os reis,
canela de cabra,
cantámosche os reis,
non nos deches nada. (25)

58. Canteiriño, pica e canta,
e deixa a costureira;
ela perde de coser
e ti de picar na pedra. (50)

59. Canteiros e carpinteiros
da vila de Pontevedra:
marchai polo mundo adiante
buscando madeira e pedra.

60. Casadiña de tres días
non se cansa de chorar
pola vida de solteira
que non ha de recobrar. (28)

61. Caseime no Arañeiro
coa filla do Arañón.
Ela bonita non era,
pobre si e honrada non.

62. Chamáchesme moreniña
á vista de tanta xente,
agora vaime quedar
moreniña para sempre. (6)

63. Chamáchesme moreniña
á vista de tanta xente,
agora vaime quedar
moreniña para sempre;

moreniña para sempre,
moreniña por agora,
agora vaime quedando
moreniña pescadora. (52)

64. Chamáchesme pera podre,
pera podre non hei ser;
anque caia de madura,
para ti non hei de ser.

65. Co arco dunha peneira
miña nai deume unha tunda,
co arco dunha peneira
miña nai deume unha tunda.
Miña nai, teña vergoña,
que a xente vén da feira. (38)

66. Como queres que te queira
e che teña atención
se outros paxariños
bailan no meu corazón? (25)

67. Como queres que te queira
e che teña de querer
se entre as semanas saes
e non me vés ver? (25)

68. Costureira non a quero,
tecelana non ma dan,
quero unha labradoriña
que saiba ganar o pan. (39)

69. - Costureiriña bonita,
onde perdiche o dedal?
- Naquelas campiñas verdes,
na raia de Portugal. (19)

70. - Costureiriña bonita,
onde tes a túa cama?
- No poleiro das galiñas
nunha mandilla de palla. (39)

71. Costureiriña bonita,
ti que fas polo verán?
Eu, sachando no millo,
e ti, coa agulla na man.

72. Cousa xusta e exacta,
dicia o crego de Agolada:

tres porcos son seis touciños,
doce pés e tres fociños,
seis orellas e tres rabos,
seis collóns e tres carallos. (12)

73. Da Granxa para abaixo
tódolos aires me levan.
Da Granxa para arriba,
nin aire nin cousa boa.

74. Dálle, dálle ao tarabelo,
que a criada do cura
xa tivo un neno,
xa tivo un neno,
xa tivo un neno,
dálle, dálle ao tarabelo.

75. - De onde vés, María?
- Veño da verdura.
E que ricos nabos
ten o noso cura,
ten o noso cura,
ten o noso cura!
- De onde vés, María?
- Veño da verdura. (25)

76. - De onde vés Perucho?
- Veño da montaña,
de ver o meu liño
se botou badaña.
- Se non a botou,
aínda a botará,
non lle veu o tempo,
aínda lle virá. (6)

77. Detrás da tapia dun convento
había un fraile mexando
e veu a rata pelada
tirarlle pola mingalla.
A rata tira que tira
e o fraile chora que chora:
- Ai, san Antonio bendito,
que me arrincan a pistola! (25)

78. Deus cho pague, pague, pague,
churrusqueiro,
moito che hei de agradecer;

cando vou, cando vou ao teu muiño
sempre me deixas moer.
Moendo, moe que moe,
moendo a muiñada,
moendo, moe que moe,
moendo unha mañá de xeadas.

79. - De onde vés, Carmiña?
- Veño de coser.
- Cala, mentireira,
que vés de aprender.

80. Dille unha vella a outra
polo furado da porta:
- Ti goberna a túa vida,
que a miña nada che importa. (43)

81. Éche un andar miudiño,
miudiño, miudiño,
miudiño, miudiño,
o que eu traio.
Eu traio unha borracheira
de viño, que auga non bebo.
Mira, Maruxiña, mira,
mira como eu veño. (37), (*)

82. El chamábase Cristovo.
Un día vendeu a gaita
e enfadouse a muller
porque lle facía falta.
- Pois non te enfades, muller,
porque che vendín a gaita.
Vendina porque era vella
e estaba toda estropeada.
- Pois boa cousa fixeches!
Seica te tentou o demo?
Xa podes marchar da casa,
que eu sen gaita non te quero.
Ao outro día Cristovo
veu a correr para a casa.
Saíulle a muller á porta
por ver se levaba a gaita.
Así que lle viu a nova,
botoulle a man ao punteiro.
- Esta si que che é graciosa!
Traina pra aquí, meu gaiteiro,

- Pois esta noite, muller,
tocarémola un pouco.
Bailaremos a xotiña
se o permite san Antoño. (12)

83. Emborrachar, emborrachar,
emborracheime,
emborracheime na beira do mar.
Emborrachar, emborrachar,
emborracheime,
e non me puiden desemborrachar.

84. En Santai canta o galo
e en Casalbieito a galiña;
no poleiro da Granxola
canta a miña sobriña. (10)

85. Eres alta como un ovo,
redonda coma unha noz,
branca coma o chocolate,
buenas noches nos dea Dios.

86. Eres alta, eres baixa,
eres como eu te quero;
eres a mellor laranxa
que ten o meu laranxeiro.

87. Esta noite hei de ir a verte,
meniña non teñas medo,
deixa a porta atrancada
cunha palla de centeo. (25)

88. Esta noite hei de ir ao muíño
cun fato de nenas novas,
elas todas en camisa
e eu no medio en cirolas.

89. Este pandeiro que toco
éche de coiro de ovella;
aínda onte comeu herba,
hoxe toca que rabea. (50)

90. Este pandeiro que toco
éche de coiro de ovella,
ontem comía herba no monte
e hoxe toca que rabea. (3)

91. Eu ben vin estar o cuco
sentado no taboleiro
cunha subela na man,
aprendendo a zapateiro.

92. Eu ben vin estar o moucho
encima daquel penedo:
non che teño medo, moucho;
moucho, non che teño medo. (15)

93. Eu cantar, cantaba ben,
a gracia non era moita;
quedoume no lavadoiro
cando fun lavar a roupa. (3), (67), (*)

94. Eu caseime na montaña
coa filla da Pilingrona:
nin se lava, nin se peina,
está feita unha porcona. (52), (67)

95. Eu caseime na montaña
porque había moito grao,
o forno da miña sogra
bota silvas polo vrao.

96. Eu caseime por un ano
por saber que vida era.
O ano agora acabouse,
solteiriña quen me dera! (3), (50)

97. Eu pasei por Camariñas,
por Camariñas cantando,
e as nenas de Camariñas
quedan no río lavando.

98. Eu pasei por Vilariño,
por Vilariño cantando,
as nenas de Vilariño
quedan no río lavando.

99. - Eu quería casar:
miña nai non teño roupa.
- Casa, miña filla, casa,
que unha perna tapa a outra²⁷.

²⁷ Esta coñecida cantiga foi recopilada polos seguintes informantes: (3), (11), (50), (52), (67), (70), (76), (*).

100. Eu son fillo de solteira
e culpa tería o meu pai;
din que son fillo do demo,
que embruxou a miña nai. (4)

101. Eu teño un canciño
bonito, abofé,
que baila a muiñeira
na punta do pé,
na punta do pé,
dá pinchos pra atrás
e toca nas cunchas
o chascarraschás.

102. Eu teño un canciño,
miña nai ten tres,
o máis pequeniño
vai no san Andrés. (50), (*)

103. Eu teño unha vaca leiteira
que a comprei na Bandeira.
Nin dá leite nin dá nada,
dá patadas na canada. (24)

104. Eu traio unha borracheira
de viño, que auga non bebo.
Mira, Maruxiña.
mira como veño. (79)

105. Falade ben baixo,
petade pouquiño,
pra que non esperte
o noso soliño. (37)

106. Fuches a Vilagarcía,
fuches e non viches nada,
non viches bailar o sol
cunha mazá colorada.

107. Fuches tu, fuches tu,
fuches tu quen cagou no palleiro.
Fuches tu, fuches tu,
e viñeches coas pallas no cu. (79)

108. Gache, micho, gache,
que me rabuñaches,
racháchesme as saias
e non mas remendaches. (38)

109. Heiche de tocar as cunchas,
miña carrapucheiriña,
heiche de tocar as cunchas
naquela corredoiriña.

110. Heicho de dar, queridiña,
heicho de dar, que o teño,
heicho de dar, queridiña,
o anillo do meu dedo.

111. Hoxe chove, meniña,
mañá hai barro.
¡Pobre do carreteiro
que anda co carro!

112. José Pirulé
colle o porco polo pé
e a galiña polo rabo:
- Cache, quino, pró mercado!

113. Manoliño foi ao viño,
rompeu a xerra
no camiño.
Pobre xerra,
pobre viño,
pobre cu
de Manoliño. (67)

114. Manolo cazolo
matou a muller
con sete coitelos
e un alfiler;
meteuna nun saco,
levouna a vender:
- Quen quere a carne / touciño
da miña muller? (38), (58)

115. María, se vas
ao río lavar,
ten tino coa roupa,
que a podes rachar,
que a podes rachar,
que a podes rachar,
María, se vas
ao río lavar. (52)

116. María ten boas pernas,
que llas vin no corredor.

Non vin pernas coma elas
na filla dun labrador.

117. María ten, ten
tripas a cocer,
heille ir ao pote
e heillas comer. (15)

118. Marica, se vas
ao río lavar,
non petes a roupa,
que a podes rachar.

119. Maripepa ten un neno
nas tellas do meu tellado.
O neno de Maripepa
cando chove está mollado. (31)

120. Maruxa, se vas
ao río lavar,
non petes a roupa,
que a podes rachar,
que a podes rachar,
que a podes rachar,
Maruxa, se vas
ao río lavar. (77)

121. Maruxiña, cando chove,
mete o rabo na silveira,
por eso a Maruxiña
non hai quen a queira.

122.- Maruxiña, dáme un bico,
que che hei dar un pataco.
- Non quero bicos dos homes,
que me cheiran ao tabaco. (37)

123. Maruxiña do Portelo,
Maruxiña do Portelo,
a túa nai xa llo dixen,
a teu pai téñolle medo. (50)

124. Miña cuñadiña nova,
meu irmán éche pequeno;
se queres que che medre algo,
estarrícallo o corno cedo. (19)

125. Miña nai deume unha tunda
co aro dunha peneira.

Miña nai, teña vergonza,
que vén a xente da feira. (49), (67), (*)

126. Miña nai e maila túa
están no rego berrando
por culpa dunha galiña
que lle foi cagar ao prado. (4)

127. Miña nai e maila túa
foron a unha romaría.
A túa, como é larpeira,
comeulle os ovos á miña. (67)

128. Miña nai e maila túa
foron xuntas á romaría.
A túa, como é larpeira,
comeulle os ovos á miña. (3)

129. Miña nai e maila túa
quedan no río berrando
por culpa dunha galiña
que ten amores co galo.

130. Miña nai e maila túa
van xuntas na romaría.
A túa, como é larpeira,
comeulle o xantar á miña.

131. Miña nai e mais meu pai
fixeron unha empanada;
miña nai comeulla toda
e meu pai quedou sen nada. (19)

132. Miña nai é tecedeira;
meu pai, cazador de lebres;
e eu, que son pequeniño,
son cazador de mulleres.

133. Miña nai, miña naiciña,
como a miña nai, ningunha:
lávame a miña camisa
dentro das mangas da súa. (19), (*)

134. Miña nai, miña naiciña,
como ela non hai ningunha,
quentoume a miña cariña
coa calorciña da súa. (49)

135. Miña nai, miña naiciña,
coma miña nai ningunha,
que me quentaba a cariña
coa caloríña da súa. (64)

136. Miña nai, por me casar,
ofreceume canto tiña
e agora que me casei,
deume por pago unha galiña. (4), (52),
(67)

137. Miña nai, por me casare,
ofreceume bois e vacas
e agora que me casei,
deume coa culler das patacas. (4)

138. Miña sogra cando mexa
toda a aldea fai temblar;
carallo prá miña sogra,
vaia forma de mexar! (74)

139. Miña sogra cando mexa
sete muíños fai andar;
carallo prá miña sogra,
que forza ten no mexar! (76)

140. Mira, Maruxiña,
mira como veño,
cunha borracheira
que xa non me teño. (4)

141. Mira, Maruxiña,
mira como veño,
cunha borracheira
que xa non me teño
que xa non me teño.
Como me hei de ter!:
veño da taberna,
veño de beber. (3), (50)

142. Moitas voltas dá o río
arredor dun ameneiro.
Así fai a boa moza
cando non hai quen a queira.

143. Murmuraban da miña veciña
que andaba debaixo da viña;
e se andaba, facía moi ben,
da miña veciña non fala ningún. (26)

144. Namoradiñas do vento
dúas gaivotas andaban.
Cando o vento lles sorría,
as gaivotas toleaban.

145. Nena, que estás na ventá
coas puntas do pano fôra,
ensíname a túa cara,
que o pano non me namora. (55)

146. - Neno de tanto saber,
cantos pelos ten un can
cando acaba de nacer?
- Cando nace, mil;
cando anda, mil e un;
en todos os sitios ten pelos
menos no ollo do cu. (3)

147. Non te cases cun ferreiro,
que o pican as muxicas.
Cásate cun carpinteiro,
que fai as arcas bonitas.

148. Non te cases cun ferreiro,
que te queiman as muxicas.
Cásate cun carpinteiro,
que che fai cousas bonitas. (3)

149. Non te cases cun ferreiro,
que ten moito que lavar.
Cásate cun mariñeiro,
que vén lavado do mar.

150. Nós de aquí e vós de alá/alí,
somos tantos coma vós;
nós comemos o carneiro
e os ósos / cornos son para vós. (6), (28)

151. Nós de aquí e vós de alá,
somos tantos coma vós;
materemos o carneiro,
os cornos son para vós. (67)

152. Nós de arriba e vós de abaixo
somos tantos coma vós;
mataremos un carneiro
e os cornos son para vós. (55)

153. Nosa señora do Carme
fixo unha casa na ría
pra mirar prós mariñeiros
como pescan a sardiña. (19)

154. O amor da costureira
era papel e mollouse.
Agora, costureiriña,
o teu amor acabouse.

155. O cantar dos arrieiros
é un cantar moi baixiño:
cántano en Ribadavia
e resoa no Carballiño.

156. O carballo da Portela
ten a folla revirada,
que lla revirou o aire
unha noite de xeadá.

157. O carballo dá landra;
o castiñeiro, ourizo;
ao home que non ten barba
todos lle chaman carrizo. (68)

158. O carballo da Revolta
ten a folla revirada,
que lla revirou o aire
nunha mañá de xeadá.

159. O cura chamoume rosa
e eu tamén lle respondín:
“Destas rosas, señor cura,
non as hai no seu xardín.”. (39)

160. O cura chamoume rosa,
eu tamén lle respondín:
“Señor cura, destas rosas
non llas dá o seu xardín.”.

161. O cura de Lavacolla
ten unha pena que se mata:
naceulle un pelo no cu
coma o corno dunha vaca.

162. O cura de Vigo é xastre;
o de Marín, mariñeiro;
o de Bando, carteirista;
e o de Noia, zapateiro. (31)

163. O cura de Vigo é xastre
e o de Marín, mariñeiro;
o de Ourense, afañador,
e o de Bando, paragüeiro. (4)

164. O cura de san Xulián
fixo unha casa de merda de can,
mirou para ela e pobre dela
que non ten cheminea.

165. O cura e mais a criada
ordenaron de cocer:
a leña estaba no monte
e a fariña por moer. (50)

166. O cura e maila criada
ordenaron de cocer:
tiñan a leña no monte
e a fariña sen moer.

167. O día que me casei
todo o día orballou.
Ben casado, mal casado,
agora casado xa estou. (28)

168. O galo canta,
a galiña chora,
porque os pitiños
durmiron fóra. (37)

169. O meu amor é Domingos,
todos os domingos vén.
Quéroche ben, Dominguiños.
Dominguiños, quéroche ben. (39)

170. O meu amor non me fala,
seica o teño enfadado;
agora vou coñecendo
que está o tempo virado. (39)

171. O meu galo cando canta é día,
o meu galo cando canta é día,
vaiche de baranda,
vaiche noite e día. (3)

172. O muiño foula, foula,
a auga faino foular,
a filla do muiñeiro
tolea por se casar.

173. O muiño troula, troula,
se troula déixao troular,
as fillas do muiñeiro
rabean por se casar. (48), (*)

174. O paxaro, cando canta / chove,
mete o rabo na silveira;
así fai a boa moza / as boas mozas
cando non ten/hai quen a/as queira. (10),
(25), (35), (70), (76)

175. O paxaro, cando chove,
o paxaro, cando chove,
mete o rabo na silveira.
Así fai a boa moza,
así fai a boa moza
cando non ten quen a queira.
Ai la, la, la, la, ai la, la, la (4 veces).
Recomencemos a pandeirada,
recomencemos o baile xa.
Unha vella dille a outra,
unha vella dille a outra
polo burato da porta:
“Ti goberna a túa vida,
ti goberna a túa vida,
que a miña nada che importa.”.
Ai la, la, la, la, ai la, la, la (4 veces).
Recomencemos a pandeirada,
recomencemos o baile xa.
Moito ris e moito ris,
moito ris e moito ris,
moito regañas as moas.
Pareces un burro vello,
pareces un burro vello
cando arrinca nas queirogas.
Ai la, la, la, la, ai la, la, la (4 veces).
Recomencemos a pandeirada,
recomencemos o baile xa. (30)

176. O paxaro de María
anda nas miñas cereixas.
Come, come, paxariño,
veremos as que me deixas. (10), (*)

177. O río, cando vai cheo,
leva carballos e follas.

Tamén podía levar
as linguas murmuradoras/máis faladoras.
(25), (*)

178. O señor cura non baila
porque ten unha coroa.
Baile, señor cura, baile,
que Deus todo llo perdoa.

179. Ollos verdes son traidores,
azuis son mentireiros
e os negros e acastañados
son firmes e verdadeiros. (64)

180. Ondiñas veñen, ondiñas veñen,
ondiñas veñen e van.
Non te embarques, rianxeira,
que te vas a marear.
A Virxe de Guadalupe,
cando vai pola ribeira,
descalciña pola area
parece unha rianxeira,
descalciña pola area
parece unha rianxeira. (25)

181. Ondiñas veñen, ondiñas veñen,
ondiñas veñen e van.
Non te vaias, rianxeira,
que te vas a marear. (13)

182. Os de alá arriba,
cando van co gando,
espetan a vara
e bailan o tango.
E bailan o tango
e a muiñeira,
os de alá arriba
non hai quen os queira. (67)

183. Os de alá arriba,
cando van co gando,
levan unha vara
e bailan o tango. (55)

184. Os galegos en Galicia,
cando van de procesión,
levan un gato de santo
e unha vella de pendón. (19)

185. Os mociños de agora
son un fato de larpeiros:
por unha copa de caña
saltan valos e roleiros. (31)

186. Os solteiros valen ouro;
os casados valen prata;
os viúvos, calderilla;
e os vellos, follas de lata. (28)

187. Os vellos non valen
pra certos traballos,
o demo os atenta
a meterse en fregados,
meterse en fregados.
Mellor lles sería
cun prato de papas
quentar a barriga. (3), (50)

188. Para poder mallar,
ao cuco foron chamar
e o cuco, sen pensalo,
dispúxose a contestar:
- Se vai sol, á sombra teño que estar;
se vai fresco, teño que cucar;
e se chove, alá irei mallar. (4)

189. Pasei a Ponte Ledesma,
paseina de madrugada,
encontrei un anillo de ouro
para ti, miña adorada.

190. Pasei pola túa porta,
mirei polo ferrollo
e a ladra da túa nai
meteume un pau por un ollo. (35)

191. Pasei por Ardilleiro Grande,
dei a volta polo Pequeno,
tomei amores na Granxa
e deixeiños en Reboredo.

192. Pico Sacro, Pico Sacro,
ben te podes alabar,
que Santiago con ser Santiago
non ten onde ligar.

193. Polo río abaixo vai
unha troita de pé,
corre que te corre vai,
vaina pillar, José. (4)

194. Polo río abaixo
vai unha troita de pé,
corre que te corre,
quen a puidera pillar!,
corre que te corre,
quen a puidera coller!

195. Polo río abaixo vai
unha troita de pé,
corre que te corre,
quen a puidera coller,
quen a puidera coller,
quen a puidera pillar!
Polo río abaixo vai
unha troita de pé. (79)

196. Por andar á herba
debaixo das viñas,
mira o que me chaman
as túas veciñas,
as túas veciñas,
as caralavadas,
por andar á herba
debaixo das parras. (25)

197. Por aquí vai o camiño,
por aquí vai o carreiro,
por aquí vai o camiño,
meniña, pró fiadeiro.

198. Por baixo da ponte
víronte pasar,
as pernas, María,
viñas de lavar;
viñas de lavar
a cara tamén
por baixo da ponte
da vía do tren. (52), (67)

199. Por ir ao baile á Ramallosa,
por ir ao baile perdín a moza.

200. Por un Pepe dou un duro;
por un Ramón, un millón;
e por un Manuel
dou o corazón.

201. Que ben baila, que ben baila
a da chaqueta rachada!
Pero mellor bailaríase
se a tivese remendada.

202. Quédate aí, san Andrés,
que de mortos ou de vivos
todos te viremos ver.

203. Quéreme mal miña sogra
e meus cuñados tamén;
como me queira o meu home
non se me dá por ningún. (19)

204. Relémbrome, miña nena,
das noites de san Xoán:
ti contabas as estrelas
e eu as areas do mar. (69)

205. San Adrián dos canteiros,
feito de pau de sanguino,
dáme tanta forza no carallo
como ten o porco no fociño. (12)

206. San Benitiño do ollo redondo,
hei de ir alá, miña nai, se non morro,
hei de levar unha bota de viño
e un moletiño de pan pró camiño. (58)

206. Se chove, deixa chovere;
se orballa, deixa orballare;
por máis que chova e vente,
comigo ha de escampare. (82)

207. Se o río da Ulla
levara coñac,
máis de catro pernas
irían alá. (77)

208. Se queres que cho diga,
cantando cho direi:
cantando tomei amores,
cantando os olvidei. (50)

209. Se queres que o carro cante,
mételle / móllalle o eixe no río
e despois de ben mollado
canta como un asubío. (9), (39)

210. Se queres que o carro cante,
mételle o eixe no río.
Despois de o eixe mollado,
canta coma un asubío.

211. Se túa nai non ten,
teu pai non che dá,
de onde che vai vir?
Do trailalalá. (51)

212. Se vas ao convento de Herbón,
mira pró lado dereito;
verás o san Benitiño
verter auga polo peito. (26)

213. Se vas ao san Benitiño,
non vaías ao de Paredes,
que hai outro máis milagroso
no convento de Lérez.

214. Sei cantar e sei bailar,
sei tocar a pandeireta,
tamén sei facer a risa
de quen me toque a puñeta.

215. Sei dun muiño dun fai-fai
cheo de merda para teu pai. (1)

216. Sei dun niño dun carrizo
no cañoto / na cabeza dun repolo;
déronme as nenas con el,
levaron cañoto e todo. (1), (76)

217. Señora María,
señor Manuel,
castañas asadas
e leite con mel;
e leite con mel,
castañas asadas,
señora María,
señor Manuel. (51)

218. Señora María,
señor Manuel:
castañas asadas,
que saben moi ben. (24)

219. Sete cuncas de papas de millo
unha vella comeu mais recuncou.
Fixo coma un foguete no aire:
la van, chis, pon, estalou! (11)

220. Solteiriña, non te cases,
mira que che ha de pesar,
que a vida de solteiros / solteiriña
é moi mala de olvidar. (50), (*)

221. Tanto se me dá abaixo
como se me dá arriba,
dáseme tanto por ti
coma se nunca te vira. (15)

222. - Tápame, tápame, tápame,
que teño frío.
- Como queres que te tape
se as mantas van no río?

223. Teño barco, teño remos,
teño sardiñas no mar,
teño unha nena bonita,
xa non quero traballar.

224. Teño un amor en Rianxo
e outro en Vilagarcía;
para ver os meus amores
teño que cruzar a ría.

225. Teño un amor na montaña,
na Maía teño tres;
teño un amor na montaña,
teño un amor montañés. (31)

226. Teño un amor na montaña,
teño un amor montañés;
teño un amor na montaña,
na Coruña teño tres. (15)

227. Teño unha herba na horta
que lle chaman pé de toxo;
se queres falar comigo,
vaite lavar, que das noxo.

228. Teño unha herba na horta
que vai por riba do valo;
para ti falar comigo,
vaite lavar, marrano.

229. Teño unha pena que morro,
teño un pesar que me mata:
naceume un pelo no cu
como un corno dunha vaca. (3)

230. Teste por moita cousa,
rapaza, porque es alta;
es ben boa para un coche
se algunha mula lle falta.

231. Ti que fas, gaiteiriño,
ti que fas polo verán,
todos sachando no millo
e ti coa gaita na man? (3), (50)

232. Ti que fas, paxariño,
ti que fas no verán,
eu sachando no millo
e ti coa frauta na man? (30)

233. Tírate desa ventá,
non sexas tan ventaneira,
que unha cuba de bo viño
non necesita bandeira.

234. Toca a gaita, Manuel,
repenica o pandeiro,
que van saír a bailar
as tres mozas de Barreiro. (70)

235. Toca, pandeireta, toca,
que, se non, heite rachar,
que me custaches os cartos:
axúdamos a ganar!

236. Toca, miña pandeireta,
se non, voute a rachar,
que me custaches os cartos:
axúdamos a ganar! (50)

237. Túa nai non o ten,
teu pai non cho dá,
e de onde che vén?:
das cachas de atrás.

238. Túa nai pariu teu pai
no cortello das ovellas.

Agora túa nai chora
porque naceu sen orellas.

239. Unha noite no muiño,
unha noite non é nada,
unha semana enteira,
esa / eso si que é muiñada! (1), (4), (6),
(52), (67), (*)

240. Unha pera, dúas peras,
non tiña máis a pereira:
unha era para min,
outra prá miña compañeira. (52)

241. Unha vella dixo a outra
polo burato da porta:
ti governa a túa vida,
que a miña nada che importa. (4), (10),
(25), (50), (*)

242. Unha vella e un candil
eran dous demos na casa:
a vella berra que berra
e o candil queimou a graxa.

243. Unha vella fixo papas
debaixo dunha figueira;
hai cen anos que iso foi
e inda a vella hoxe cheira.

244. Unha vella fixo papas
debaixo dunha figueira,
todos os figos bailaban
porque a vella era peideira. (3), (15), (25)

245. Unha vella fixo papas
debaixo dunha figueira,
os figos bailaban todos
porque a vella era peideira. (50)

246. Unha vella fixo papas
e botounas nunha criba,
puxo a criba na cabeza
e escaldouse a vella viva. (10), (1)

247. Unha vella fixo papas
e o pote botoullas fóra;

hai cen anos que iso foi
e aínda hoxe a vella chora. (3), (*)

248. Unha vella mais un vello
fixeron unha empanada;
a vella era larpeira e
deixou o vello sen nada. (76)

249. Unha vella mais un vello
fixeron unha trasnada,
alá pola media noite
quedaron na estacada. (3), (50)

250. Unha volta polo medio,
outra polo arredor,
así fai o que ben baila,
así fai o bailador.

251. Vai o gato metido nun saco,
vai o gato prá terra da laxa,
vai o gato metido nun saco,
ai gatiño, xa non volve máis. (93)

252. Vaite lavar porcona,
vaite lavar;
se non che chega o río,
tírate ao mar. (74)

253. Ven acá, que che hei de dar
catro cousas nun real:
un xastre, unha costureira,
unha agulla e un dedal.

254. Ven bailar, Carmiña,
Carmiña, Carmela,
con zapato baixo
e media de seda;
con media de seda,
con media calada,
ven bailar, Carmiña,
miña namorada.

255. Ven bailar, Carmiña,
Carmiña, Carmela,
ven bailar, Carmiña,
e mais trae a nena;
anque non é miña,
eu quería vela. (50)

256. Ven bailar, Carmiña,
e mais trae a nena,
que, anque non é miña,
desexo de vela.

257. Vento, ventinho,
que vés do norte,
voas ben alto,
voas ben lonxe.

258. Vexo Vigo, vexo Vigo,
tamén vexo Redondela,
o cruceiro de San Paio
camiño da nosa terra.

259. Vexo Vigo, vexo Cangas,
tamén vexo Redondela,
vexo a ponte de San Paio
camiño da miña terra.

260. Vinde, vinde, meus señores,
veña toda a comparsa,
prós gaiteiros hai filloas,
fixoas a ama da casa. (12)

261. Vindo do Faro vin unha nena,
viña do monte de calcetar;
ela gustoume, pedínlle un bico,
pero ela non che mo quixo dar. (31), (*)

262. - Vintecincos servilletas,
seis réas en cada punta.
Neniña, que tanto sabes,
respóndeme a esta pregunta.
- Hoxe eu non che respondo,
que non sei se saberei.
Pasa por aquí mañá,
que resposta che darei.

263. Vivan as nenas de Lamas
na tona dunha castaña!
Vivan as nenas de Lamas
e mais quen as acompañan! (15)

264. Vivir na Coruña
que bonito é!:
andar de parranda
e durmir de pé. (15)

265. Xosé vai lavar o pé,
Xosé vai lavar o pé,
Xosé vai lavar o pé;
Xosé era pequeniño,
era pequeniño,
pequeniño é. (6)

266. Xulián da pucha branca
ten un carro que lle canta,
unha muller que asubía,
Xulián que máis quería? (50)

4.3. Disparates

1. Bos días,
díxolle o gato ás morcillas,
e de paso lambíaa. (82)

2. - Como andan as troitas?
- Non andan, que nadan. (13)

3. Da banda de alá do río
ten meu pai un castiñeiro:
dá castañas en agosto,
uvas brancas en xaneiro. (31)

4. Da banda de alá do río
ten meu pai un castiñeiro
que dá castañas en maio,
uvas brancas en xaneiro.

5. Da banda de alá do río
ten meu pai un castiñeiro
que dá uvas en Santiago
e castañas en xaneiro.

6. Do outro lado do río
ten meu pai un castiñeiro
que dá castañas en maio
e uvas brancas en xaneiro. (39), (55)

7. - E logo, por que non lle das de comer
ao can?

- Total, para o que fai...

- E logo, por que non o matas?

- Total, para o que come... (82)

8. Eu ben vin segar o viño
e o centeo vendimar,

e unha cadela con pitos
e unha galiña ladrar.

9. Eu subín a unha pereira
e farteime de mazás;
veu o dono das laranxas:
- Déixame as uvas, rapaz!

10. Hai que muxir as galiñas
e quitarlles os ovos ás vacas. (56)

11. Hai tres clases de matrimonio:
varón, varela e varicunda.
Varón: manda el e ela, non;
varela: el non manda, manda ela;
varicunda: manda ela e el nunca.
Este é o que máis abunda.
Heiche de contar un conto,
un conto de mil mentiras:
polo mar andan as lebres
e polo monte as sardiñas. (57)

12. Na miña vida tal vin:
na volta de Simarán
unha cadela con pitos,
unha galiña con cans. (6)

13. O home de María
fixo a noite e mais o día. (77)

4.1.4. Xogos

1. A ron, ron, a ron, ron,
o papá vai no carbón,
a mamá na leña seca
e, ao que veña,
hache de dar a teta. (9)

2. A vaca Marela
caeu no pozo;
morrer, non morreu,
pero rompeu o pescozo.

3. - Ai, neniños,
e non tendes
frío de noite?
- Non:
meu pai, “pu”;

miña nai, “pu”,
e nós, “pu”,
e todos durmimos quentiños
co aire do cu.

4. Andrés
come catro,
come tres,
mete no farrapo
e non vai farto.

5. Chove, chove,
na casa do pobre;
neva, neva,
na casa de Varela;
trona, trona,
na casa da tía Ramona. (60)

6. Chove, chove,
na casa do pobre;
sarabea
na casa de Brea;
neva, neva,
en cas de Varela;
e xía, xía,
en cas de García.

7. Chucurruchú, a onde vas, vella?
Chucurruchú, para Pontevedra.
Chucurruchú, que vas buscar?
Chucurruchú, unha carga de sal.
Chucurruchú, para que é o sal?
Chucurruchú, para botarlle ao millo.
Chucurruchú, para que é o millo?
Chucurruchú, para darlle ás galiñas.
Chucurruchú, para que son as galiñas?
Chucurruchú, para poñer os ovos.
Chucurruchú, para que son os ovos?
Chucurruchú, para darlle ao crego.
Chucurruchú, para que é o crego?
Chucurruchú, para dicir a misa.
Chucurruchú, para que é a misa?
Chucurruchú, para ir ao ceo.
Chucurruchú, para que é o ceo?
Chucurruchú, para estar nel. (49)

8. Domingo de Lázaro
matei/pillei un paxaro;
domingo de Ramos
boteino/metino no baño/leveino aos baños;
domingo de Pascua
boteino/metino na ascua
e domingo de Pascuilla / Pascuíña
boteino na gorrilla / paseino pola
gargantiña. (67), (68), (76), (*)

9. Este pide pan,
este di que non hai,
outro di que o busquen,
o outro di que o rouben
e o outro di que é pecado. (9)

10. Este queixo queixolán,
esta boca pide pan,
este ollo cusculete,
arríncate cabaleta. (37)

11. Mamiño,
sobriño,
grande de todos,
fura bolos
e trisca piollos. (9)

12. Moucho, que estás no penedo,
non che teño medo. (61)

13. Muíño de maquía,
Deus te vexa vir, meu saco,
seis maquías che rapo:
dúas por te levar,
dúas por te moer,
dúas por te traer.
Arrímate pra aí, saco,
se non te veñen buscar mañá
outras tantas che saco.

14. - Que hai naquel tellado?
- Un gato esfolado.
- Que hai naquela artesa?
- Unha vella tesa.
- Que hai naquela escaleira?
- Unha vella peideira. (68)

15. Taco, taco,
ao que lle toque
o número catro:
un, dous, tres, catro.

16. - Tantarantán,
por onde se vai a Noia?
- Tantarantán,
por aquela corredeira.
- Tantarantán,
a que vas a Noia?
- Tantarantán,
vou mercar millo.
- Tantarantán,
e para que é o millo?
- Tantarantán,
para dar ás churras.
- Tantarantán,
para que son as churras?
- Tantarantán,
para poñer ovos.
- Tantarantán,
para que son os ovos?
- Tantarantán,
para dar ao cura.
- Tantarantán,
para que é o cura?
- Tantarantán,
para dar a misa.
- Tantarantán,
para que é a misa?
- Tantarantán,
para subir ao ceo.
- Tantarantán,
para que é o ceo?
- Tantarantán,
para alabar a Deus. (3)

17. Uni,
doli,
tele,
candoli,
semana,
madana,
chinchín,

carrumpín,
carrumpés,
conta ben
que son dez.

18. Xan de Miñol tiña unha col,
veu a cabra comer a col,
veu o can matar a cabra,
veu o pau matar o can,
veu o lume arder o pau,
veu a auga apagar o lume,
veu o boi beber a auga,
veu a corda prender o boi,
veu o rato roer a corda,
veu o gato pillar o rato,
o gato co rato,
o rato coa corda,
a corda co boi,
o boi coa auga,
a auga co lume,
o lume co pau,
o pau co can,
o can coa cabra,
a cabra coa col,
e quen vería
a Xan de Miñol?

19. Xan Pirillán,
a cabalo dun can.
O can era coxo
e tirouno nun pozo.
O pozo era frío
e tirouno no río.
O río era brando
e tirouno nun campo.
O campo era duro
e rompeu o bandullo. (60), (76)

20. Xoaniña, voa, voa,
que che hei dar pan de broa,
e se voas ben,
pan de trigo tamén. (37)

4.4. Oracións

1. Padre nuestro,
morreu o maestro,

santificado,
co pau levantado. (50), (51)

2. Santa María,
morreu miña tía.
Cando se enterra?
Mañá polo día.
Cando cocía,
facíame un bolo;
cando choraba,
comíamo todo. (50)

3. Santa María,
morreu miña tía.
Dábanlle as papas
e non as quería.
Dábanllas ao gato
e que ben as lambía! (48)

4. Señor mío Jesucristo,
eu para comer estou listo,
Dios y hombre verdadero,
traballar non quero. (48), (50), (51)

4.5. Fórmulas

1. Sálvate, lumiño de san Xoán,
que non te morda cadela nin can,
nin can nin cadela,
nin cousa fera. (60)

2. Mordedura de alacrán,
busca viño, busca pan,
que mañá te enterrarán. (60)

4.6. Adiviñas

1. A miña compañeira e eu
andamos ao compás,
co pico cara a adiante
e cos ollos cara a atrás.

2. Adiviña, adiviñanza:
que ten o rei na panza?

3. Alto estou,
barbas teño
e, se me pega a risa,
perdo todo canto teño.

4. Alto estou,
barbas teño;
se río, perdo
canto teño. (25)

5. Alto estou,
color de ouro teño
e por unha risada
perdín o meu empeño / canto teño. (52), (*)

6. Alto me vexo
no meu lugarexo,
por unha risada
perdín a miña anada. (25)

7. Alto me vin,
baixo me vexo
e alá arriba
quedoume o pelexo.

8. Amarela, verde e branca,
é tentación da formiga;
espera e vaino pensando
se queres que eu cho diga.

9. Arquíña chiqueña
de bo parecer,
ningún carpinteiro
a soubo facer,
senón só Deus
co seu gran poder.

10. Ave teño de nome,
de la o revestimento;
o que non o discorre
non ten discorremento.

11. Besta de ferro,
albarda de liño,
písalle e pisa
cun garabulliño. (25)

12. Besta de ferro,
albarda de liño
e tiza que tiza
cun garabulliño. (70), (*)

13. Branco o meu nacemento,
encarnado o meu crecer

e só me puxen de loito
cando quixen morrer.

14. Cal é o animal
que anda pola selva
de xira musical?

15. Campos brancos
e dúas meniñas
facendo retratos.

16. Canto máis grande é,
menos se ve.
Que é? (22)

17. Capa sobre capa
e sobre capa un capote,
redonda
e non dixen o seu nome.

18. Catro damas nun castelo
sen porta nin tarabelo.

19. Catro rodamontes,
catro pichafontes,
dous turululús
e un dálle dálle. (25)

20. Catro roldamontes,
catro cichafontes,
dous tuturutús
e un dálle que dálle.

21. Cen amigos teño,
todos nunha táboa.
Se eu non os toco,
eles non me falan.

22. Cen damas nun camiño
e non fan polvo nin ruído.

23. Cinco irmáns
bos e en calma,
xoga que xoga
xunto a unha palma.

24. Como as pedras duros son,
para o can un bo manxar,
sen eles non poderías
nin saltar nin camiñar.

25. Da terra subín ao ceo;
do ceo baixeí á terra;
non son Deus e, sen ser Deus,
como o mesmo Deus me esperan.

26. De neno, rei;
de mozo, capitán;
de casado, burro;
e de vello, can. (12), (63), (*)

27. De que encherías un pipote
para que pesase menos? (28)

28. Doce señoritas
sentadas nun redondel,
todas teñen medias
e ningunha ten pés.

29. Dúas nais e dúas fillas
cubertas con tres mantillas. (3)

30. Dúas torres altas,
dous miradores,
un espantamoscas
e catro andadores.

31. É pequeniña,
dáme descanso,
dime que coma
e non fago caso.

32. É unha cousa que vai
de burato en burato
coas tripas a rastro.

33. É unha cousa que vai
por unha corredoira escura
e chega á porta e brúa.

34. En Melilla hai tres;
en Madrid, ningunha;
unha en Galicia;
e en Allariz, dúas.

35. Eu frito, eu tosto
e na cociña
teño o meu posto. (1)

36. Igrexiña pequeniña,
abade revolvedor

e tódolos fregueses
sentadiños ao redor.

37. Imos para a cama
facer o que Deus manda,
xuntar pelo con pelo
e o bulebulé, no medio. (25), (*)

38. Leva a casa no lombo,
anda sen ter unha pata,
vai marcando o pasiño
cun camiño de prata. (31)

39. Longa, longa coma unha sogá
e ten dentes coma unha loba. (55)

40. Miña nai é tartamuda,
meu pai é cantador,
teño branco o meu vestido
e amarelo o corazón.

41. Moitas damas nun castelo
e visten todas de amarelo.

42. Nace branca coma o leite,
despois verde coma a herba,
logo rubia coma o sangue
e leva no cu unha verga.

43. Nace na fraga,
críase na fraga
e nós comemos
o que ela caga.

44. Nace no mar,
é animal moi arisco,
xa cho dixeran,
queda escrito.

45. Nace no monte,
bebe na fonte
e baila na casa
coma unha rapaza.

46. Nace no monte
e crece no monte,
e vai polo mundo
repartindo alegría. (1)

47. Nai retorcida
e fillo predicador.

48. No alto estou,
color de ouro teño,
por unha risada
perdín a miña anada.

49. No alto estou
e barbas teño;
se me boto a rir,
perdo o que teño dentro.
Que son? (51)

50. No campo crieime,
atada ós verdes lazos,
e aquel que chora por min
estame partindo en pedazos.

51. No campo estou,
atada con verdes lazos.
Aquel que chora por min
estame cortando en cachos.
Que son? (51)

52. No mar e non me mollo,
na brasa e non me abraso,
no aire e non caio
e tesme nos brazos. (31)

53. No monte nace,
no monte se cría
e, cando vén para a casa,
dá máis pena que alegría.

54. Onde esconderías unha ovella?

55. Pelo por fóra,
pelo por dentro,
alzas a pata
e métela dentro. (19)

56. Pérez anda,
Xil camiña
e parvo é
o que non o adiviña.

57. Pin, pin,
que te vin;

pas, pas,
que te vas.

58. Pínguele Pínguele estaba pingando
e Mínguele Mínguele, mirando.
Se Pínguele Pínguele caera,
Mínguele Mínguele comera.

59. Pínguli Pínguli estaba pingando,
Mínguli Mínguli estaba mirando.
Se Pínguli Pínguli non pingara,
Mínguli Mínguli non miraba. (25), (13)

60. Pipotiño, pipotás,
ten o viño de dúas clas. (25), (*)

61. Pola mañá ouro,
ás doce prata
e á noite mata.

62. Que cousa che dá na cara
e ti non a ves? (28)

63. Que cousa cousiña é
que, canto máis lle quitas,
máis grande é? (64), (*)

64. Que cousa é
que anda de burato en burato
e coas tripas a rastro? (46), (64)

65. Que cousa é
que os pobres os tiran
e os ricos os gardan?

66. Que cousa é cousa
que se mete o duro no brando
e o pimpirimpín queda colgando? (25)

67. Que cousa é que
cando vai para o monte
vai enroscada
e cando vén para a casa
vén desenroscada? (45)

68. Que cousa é que vai
por unha corredoira escura
e, ao que chega ao final,
brúa? (25)

69. Que cousa se mete na auga
e non se molla? (28)

70. Que é aquela cousa
por quen nunca chove
e sempre está mollada?

71. Que é o primeiro que fai unha vaca ao
sol?

72. Que é o que, se se quenta, cae? (22)

73. Que é un animal
que está cheo de remendos
e non ten ningunha puntada? (52)

74. Que é unha cousa
que anda e anda
e nunca se cansa? (19)

75. Que é unha cousa
que, cando é, deixa de ser
e, cando non é, é? (47)

76. Que é unha cousa que é,
pero, cando a contas,
deixa de ser? (47)

77. Que é unha cousa
que ten un dente
e chama pola xente? (8), (19)

78. Que é unha cousa
que vai envolta para o monte
e, cando vén para a casa,
vén desenvolta? (19)

79. Que é unha cousa
que vai para o monte
cos cornos para a casa
e vén para a casa
cos cornos cara ao monte. (52), (64)

80. Que é unha cousa
que vai por un sitio escuro
e chega ao cabo e brúa? (19)

81. Que é unha cousa
que vai por unha corredoira escura
e ao chegar á porta brúa. (1), (4), (25)

82. Que fai un burro ao sol?

83. Que fan seis gatos nun tellado?
E doce gatos?

84. Que lle di un feixe de herba a outro?
(39)

85. Que ser é o que anda
pola mañá a catro pés,
ao mediodía con dous
e pola tarde con tres?

86. Que temos no medio das pernas? (93)

87. Quen é o fillo que fai nacer
a nai que lle deu o ser? (15)

88. Quen pode saltar
máis alto que unha montaña? (25)

89. Redonda coma un queixo
e ten o rabo teso.

90. Redondiña coma o mundo,
polo medio vese o día;
o que a saiba, que cale,
e o que non, que a escriba.

91. Sabes o que nunca se pode tocar coa
man esquerda? (63)

92. Se os abro, véxote;
se os cerro, soño.

93. Son alta e delgada,
teño un ollo,
fago vestidos
e non os poño.

94. Son bonito por diante
e moi feo por detrás,
transfórmome a cada instante
pois imito aos demais.

95. Son unha caixa redonda,
tan branca coma o azahar;
ábrome moi facilmente
e non se me pode cerrar.

96. Sonche moi dereitiño,
na cima teño un puntinho. (31)

97. Sopra e non ten boca;
corre e non ten pés;
pégache na cara
e mais non o ves.

98. Tacón sobre tacón,
tacón do mesmo pano;
se non acertas hoxe,
non acertas en todo o ano. (46), (64)

99. Tea sobre tea,
pano sobre pano,
ao que non acerte
non llo digo este ano. (55)

100. Ten lombo e non anda,
ten follas e non é planta,
sabe moito e non fala.

101. Teño a cara redondiña,
chea de números e sen boquiña;
teño dúas mans moi pequeniñas;
tocan os números as miñas manciñas;
e non teño pernas e levo medias.

102. Tres nais e tres fillas
van á misa con mantillas. (84)

103. Un burro branco
bailando nun campo
cunha pesa nun pé
e burro non é.

104. Un burro branco
bailando nun campo
e ninguén na casa
o pode meter.

105. Un é longuiño,
dous máis baixiños,
o chico é fraco
e outro gordazo.

106. Unha cousa peluda
e tamén moi dura,
que por fóra é amarga
e por dentro dóce. (36)

107. Unha cousa que,
cando vai para o monte,
vai encartada / encollida
e, cando vén / volve para a casa,
vén estirada. (1), (25), (*)

108. Unha cousa que,
cando vai para o monte,
mira para a casa
e, cando vén para a casa,
mira para o monte. (1), (25)

109. Unha cousa que,
cando vén para a casa,
mira para o monte
e, cando vai para o monte,
mira para a casa.

110. Unha cousa que,
cando vai para o monte,
vai encartada
e, cando vén para a casa,
desencartada. (52)

111. Unha cousa que,
cando vai para o monte,
vai dobrada
e, cando vén para a casa,
vén estirada. (58)

112. Una cousa que anda / vai
de burato en burato
e coas tripas a rastro. (1), (55)

113. Unha cousa que vén correndiño por
un túnel,
chega a unha porta e fai ¡¡Pooon!!

114. Unha nai ten sete fillas
e a máis vella ten menos días. (3)

115. Unha persoa,
tan boa será,
que nada che pide,
que todo che dá. (63)

116. Unha señora
moi aseñorada / enseñoritada,

que sempre vai en coche
e sempre vai mollada. (31), (*)

117. Unha señorita
enseñoritada / moi aseñorada / moi
señoritada,
chea de remendos
e sen ningunha / sen unha soa puntada²⁸.

118. Unha vella corcoveta
e un fillo enredador,
unhas fillas moi bonitas
e un neto predicador.

119. Unha vella cun dente
e chama a toda a súa xente.

120. Unha vella, cabeza branca,
sobe e baixa pola barranca.

121. Unhas son brancas,
outras negras,
todas son doces,
todas son boas.

122. Úsase para comer
e non é prato nin culler. (63)

123. Vai para o monte
e vai encollido,
vén para a casa
e vén estirado.

124. Verde nacín,
roxa me volví
e de loito me puxen
cando morrín. (1)

125. Verde no campo,
negro na praza
e colorado na casa.

126. Vive na montaña,
dúas sílabas ten,
e polos dous lados
da mesma forma se le.

4.7. Solucións ás adiviñas

1. As tesoiras.
2. O embigo.
3. O ourizo da castaña.
4. O ourizo da castaña.
5. O ourizo da castaña.
6. O ourizo da castaña.
7. A castaña.
8. A pera.
9. A noz.
10. A abelá.
11. O candil (que hai que atizar).
12. O candil.
13. A mora.
14. A xirafa.
15. Os ollos.
16. A escuridade.
17. A cebola.
18. A noz.
19. A vaca.
20. A vaca.
21. As teclas do piano.
22. As formigas.
23. Os dedos.
24. Os ósos.
25. A chuvia.
26. O home.
27. De buratos.
28. O reloxo.
29. Nai, filla e neta.

²⁸ Esta foi a adiviña máis repetida entre os informantes: (4), (19), (25), (37), (55), (58), (*).

- | | |
|--|---|
| 30. A vaca. | 60. O ovo. |
| 31. A coma. | 61. A laranxa. |
| 32. A agulla. | 62. O vento. |
| 33. O peido. | 63. O burato. |
| 34. A letra L. | 64. A agulla co fío. |
| 35. A tixola. | 65. Os mocos. |
| 36. A boca. | 66. O pendente. |
| 37. Pechar os ollos ao durmir. | 67. A corda do carro. |
| 38. O caracol. | 68. O peido. |
| 39. A silva. | 69. O sol. |
| 40. O ovo. | 70. A lingua. |
| 41. As laranxas. | 71. Sombra. |
| 42. A cereixa. | 72. O xeadó. |
| 43. A peneira. | 73. A galiña. |
| 44. O marisco. | 74. O río. |
| 45. A peneira. | 75. O día de mañá. |
| 46. A gaita galega. | 76. Un segredo. |
| 47. O viño. | 77. A cabra. |
| 48. O ourizo da castaña. | 78. A campá. |
| 49. A castaña. | 79. O adival. |
| 50. A cebola. | 80. O peido. |
| 51. A cebola. | 81. O peido. |
| 52. A letra A. | 82. Sombra. |
| 53. A caixa dos mortos. | 83. Unha ducia; media ducia. |
| 54. No rabaño. | 84. Estamos apañados! |
| 55. O calcetín. | 85. O home. |
| 56. O perexil. | 86. Os xeonllos. |
| 57. A lavandeira e o paspallás. | 87. O xeo. |
| 58. O gato (Mínguele) mira para o chourizo (Pínguele). | 88. Todos, porque as montañas non saltan. |
| 59. O chourizo e o gato. | 89. A tixola. |

- | | |
|-----------------------------------|---|
| 90. A criba. | 109. Os cornos da cabra. |
| 91. O cóbado esquerdo. | 110. O adival. |
| 92. Os ollos. | 111. O adival. |
| 93. A agulla. | 112. A agulla cando cose. |
| 94. O espello. | 113. O peido. |
| 95. O ovo. | 114. A coresma ten sete semanas. A primeira, como empeza en mércores, ten menos días. |
| 96. A letra i. | 115. A nai. |
| 97. O vento. | 116. A lingua. |
| 98. A cebola. | 117. A lingua. |
| 99. A cebola. | 118. A cepa, as vides, as uvas e o viño. |
| 100. O libro. | 119. A campá. |
| 101. O reloxo. | 120. A néboa. |
| 102. Bisavoa, avoa, filla e neta. | 121. As uvas. |
| 103. O muíño. | 122. A boca. |
| 104. O muíño. | 123. O adival. |
| 105. Os dedos. | 124. A mora. |
| 106. O coco. | 125. O carbón. |
| 107. O adival. | 126. O oso. |
| 108. Os cornos da cabra. | |

5. Referencias bibliográficas

- ÁLVAREZ DE LA GRANJA, M^a. (2010): «*Trastes vellos, ao faiado*. Análise dun subtipo de refráns sen verbo principal», *Estudos de Lingüística Galega*, 2: 5-35.
- ALUMNADO DO COLEXIO PÚBLICO DE LOURO (1995): *Cantareas e refráns*. Louro: C. P. Louro.
- ALUMNOS/AS DO C. P. “MOSTEIRO DE CAAVEIRO” (A CAPELA) (1989): *Refraneiro do ano* [coordinador: García Mera, S.]. A Coruña: Ideal 4.
- ALUMNOS DO REAL SEMINARIO SANTA CATALINA DE MONDOÑEDO (1999): *A carón do lume. Cantigas, contos, lendas, oracións, refráns, romances, trabalinguas, xogos... Recolla de literatura popular dos alumnos do...* Lugo: Citania de Publicacións S. L.
- CASAL VILA, B. [dir.] (1974/2006): *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*. Lugo: *El Progreso*; Pontevedra: *Diario de Pontevedra*; 44 vols.
- COLEXIO PÚBLICO FROEBEL (PONTEVEDRA). EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (1994): *Literatura galega de tradición oral. Recolleita*. Cambados (Pontevedra): G. Salnés.

- CONDE TARRÍO, G. (1999): «O problema da terminoloxía paremiolóxica en Galicia», *Madrygal*, 2: 53-66.
- CONDE TARRÍO, G. (2000), «Hacia la verificación práctica de una teoría del refrán: Galicia, un exemplo de estudio», *Las Lenguas de Europa: Estudios de fraseoloxía, fraseografía y traducción* (Edición de Gloria Corpas Pastor). Granada: Comares; 165-184.
- CONDE TARRÍO, G. (2001): *Diccionario de refráns*. Vigo: Galaxia.
- FERRO RUIBAL, X. (1987): *Refraneiro Galego Básico*. Vigo: Galaxia.
- GIPPINI ESCODA, E. (1991): *Refraneiro Galego*. A Coruña: Edicións do Castro.
- MOLINER, M^a. (1966-1970): *Diccionario de uso del español*. Madrid: Gredos; 2 vols.
- OTERO PEDRAYO, R. [dir.] (1974-1991): *Gran Enciclopedia Gallega*. Santiago/Gijón: Silverio Cañade editor; 32 vols.
- PRIETO DONATE, E. (2011): «Refraneiro escolar galego do cambio de milenio», *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 11: 305-369.
- RÍO CORBACHO, M^a P. (2008): «Tendencias actuales de la investigación paremiológica gallega», in *Estudios Paremiológicos* [volumen I: *La investigación paremiológica española*. Volumen II: *Los refranes y El Quijote*] (Edición de Sevilla Muñoz, J., Crida Álvarez, C. A. y Zurdo Ruiz-Ayúcar, M. I. T.). Atenas: Ta kalós keímena; 2 vols. Vol. I: pp. 73-108. ISBN: 978-960-90476-7-8.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, E. (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Vigo: Galaxia; 3 vols.
- RUÍZ LEIVAS, C.; EIROA GARCÍA-GARABAL, J. A. (2002): «Fraseoloxía e terminoloxía dos cogomelos», *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 4; 363-379.
- SEVILLA MUÑOZ, J.; ZURDO RUIZ-AYÚCAR, M. I. T. [dir.] (2009): *Refranero multilingüe*. Madrid. Instituto Cervantes (Centro Virtual Cervantes). (<http://cvc.cervantes.es/lengua/refranero/>).
- TABOADA CHIVITE, X. (2000): «Refraneiro galego», *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 2 (número monográfico).
- VÁZQUEZ SACO, F. (2003): «Refraneiro Galego e outros materiais de tradición oral», *Cadernos de fraseoloxía Galega*, 5 (número monográfico).
- ZAMORA MOSQUERA, F. (1972): *Refráns e ditos populares galegos*. Vigo: Galaxia.

